

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

30 de maio de 2025

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día trinta de maio de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D. Ricardo Martínez Chantada (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste D^a. María Nava Castro Domínguez (PP).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.



Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8411.- **ACTAS ANTERIORES**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Vlg0yzvW7LxchO1H0w7nijmPIMlnArbfj2SCo4pg0aRonSqD>

Acórdase, por unanimidade, aprobar os borradores das actas das anteriores sesións, extraordinaria e ordinaria dos días 16 e 25 de abril, respectivamente.

a) Parte resolutiva:

2.8412.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 3/2025 (EXPTES. 2025033368 – 2025030979)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Y0CyVMiCmZlCwK3TgKwwJJZCk5fltRpkTLsOpSSbe9Cs53C9>

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2025000361, de data 20 de xaneiro de 2025, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 03/2025. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.03/25) por importe de 72.555,55 euros, suplementos de créditos (SUP.02/25) por importe de 9.141.000,00 euros e a modificación do Anexo II das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- Crédito extraordinario (EXT. 03/25), fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, tal como se sinala no detalle do expediente.



- Os suplementos de créditos (SUP. 02/25), fináncianse por importe de 110.000,00 euros con baixas por anulación da aplicación 25/942-4590-789.07/2024, correspondentes a sobrantes do plan investimentos para Comunidades Veciñais do exercicio 2024, e o resto con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Resultando que a Intervención emite informe de data 20 de maio de 2025, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 02/2025.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP, cos votos en contra do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 03/2025 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.03/25) por importe de 72.555,55 euros e suplementos de créditos (SUP.02/25) por importe de 9.141.000,00 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1.- Créditos Extraordinarios “EXT. 03/25”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
233-2310-789.01	OUTRAS TRANSFERENCIAS, ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO_XUVENTUDE R. DEMOGRÁFICO (A ASOCIACIÓN	8.000,00 €



	ESTUDIANTEL UVIGO SPACELAB, proxecto "BIXO")	
240-4312-489.01	OUTRAS TRANSFERENCIAS, ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO_FOMENTO DO EMPREGO (Achea a FEDERACIÓN DE ENTIDADES Y EMPRESAS DEL COMERCIO Y SERV. PROVINCIA DE PONTEVEDRA, "Campana Xoga en equipo. Aposta polo comercio local")	4.000,00 €
942-4412-204.00	ARRENDAMENTO DE MATERIAL DE TRANSPORTE, + MOBE _COOPERACIÓN	43.830,00 €
942-4412-226.99	GASTOS DIVERSOS, + MOBE _COOPERACIÓN	600,00 €
942-4412-227.06	ESTUDOS E TRABALLOS TÉCNICOS, + MOBE _COOPERACIÓN	2.740,00 €
942-4412-652.00	INVESTIMENTOS XESTIONADOS PARA CONCELLOS,+ MOBE _COOPERACIÓN	7.315,55 €
942-4412-641.00	APLICACIÓNS INFORMÁTICAS E OUTRAS,+ MOBE _COOPERACIÓN	1.070,00 €
942-4920-479.01	A ENTIDADES CON FINS DE LUCRO, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN_COOPERACIÓN (A O&A SMART CITY CONSULTING, "I Congreso de Ciudades Inteligentes y Economía Circular)	5.000,00 €
	Total Créditos Extraordinarios...	72.555,55 €

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios, EXT. 03/25:

Fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870.01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...	72.555,55 €
	Total Ingresos...	72.555,55 €

2.- Suplementos de Crédito "SUP. 02/25":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
231-2313-480.02	ATENCIÓNS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL_BENESTAR SOCIAL (Achea a Confederación Española de Organizaciones de Mayores, para "XII	3.000,00 €



	Congreso Nacional de Organizaciones de Mayores")	
232-2312-226.09	GASTOS DIVERSOS, ACTIVIDADES DEPORTIVAS E XUVENÍS _C.P. FELIPE (Para actividades en A Lanzada, fin de curso e último trimestre)	6.000,00 €
232-2312-625.01	MOBILIARIO Y ENSERES, ADQUISICIÓN _C.P. FELIPE (Instalación zona recreativa "SKATE PARK")	15.000,00 €
240-2410-470.02	A EMPRESAS_ FOMENTO DO EMPREGO (modificación achega a NATURAL STONE EVENTS, S.L., Feira STONEGAL 2025)	2.000,00 €
240-2410-489.06	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, EMPRENDEMENTO _FOMENTO DO EMPREGO (Achega a CLUSTER DA COMUNICACIÓN DE GALICIA , CONGRESO FLUOR)	10.000,00 €
330-3340-489.05	OUTRAS TRANSFERENCIAS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS _CULTURA (A Orquesta Clásica de Vigo, "8 PÉS 2025 V Festival de órgano de Vigo")	5.000,00 €
340-3410-226.20	GASTOS DE PROMOCIÓN E PATROCINIO_ DEPORTES	125.000,00 €
340-3410-489.02	OUTRAS TRANSFERENCIAS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS_ DEPORTES (A FEDERACION ESPAÑOLA DE TRIATLON, para " DESENVOLVEMENTO DO WORLD TRIATHLON MULTISPORT CHAMPIONSHIPS 2025".	100.000,00 €
433-4320-226.23	FOMENTO DO TURISMO, FESTIVAIS_ TURISMO RÍAS BAIXAS	160.000,00 €
456-4530-612.01	SEGURANZA VIARIA-MELLORA SINALIZACIÓN _INFRAESTRUTURAS	2.000.000,00 €
456-4530-612.02	INVESTIMENTOS, CONVENIOS EN ESTRADAS _INFRAESTRUTURAS	4.000.000,00 €
920-9200-227.00	LIMPEZA E ASEO _ SERVIZO CENTRAL	65.000,00 €
942-4590-489.07	A COMUNIDADES VECIÑALES, GASTO CORRENTE (PAC) _COOPERACIÓN	320.000,00 €
942-4590-789.07	A COMUNIDADES VECIÑALES, INVESTIMENTOS (PAC) _COOPERACIÓN	2.300.000,00 €
942-9431-489.01	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, COOP. TRANSFRONTEIRIZA _COOPERACIÓN (Achegas a Asociación Xuventudes Musicais Eixo Atlántico para "13ª EDICIÓN DO IKFEM FESTIVAL TUI-VALENÇA NO 2025")	30.000,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	9.141.000,00 €



Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 02/25:

A) Parte do suplemento en investimentos para Comunidades Veciñais, que se recolle na aplicación 25/942-4590-789.07, por importe de 110.000,00 € fináncianse con baixas por anulación con cargo a 25/942-4590-789.07/2024, correspondentes a sobrantes do plan do exercicio 2024.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-4590-789.07/2024	A COMUNIDADES VECIÑALES, INVESTIMENTOS (PAC 2024) _COOPERACIÓN	-110.000,00 €
	Total Baixas por Anulacións...	-110.000,00 €

B) O resto dos Créditos Extraordinarios fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Non obstante, hai que sinalar que no caso de ter que aplicar a Disposición Adicional 6ª referente ás inversións sostíbeles estarase ao disposto no artigo 32 da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira onde se establece que “no suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso das corporacións locais, a reducir o nivel de endebedamento neto”.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870.01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...	9.031.000,00 €
	Total Ingresos...	9.031.000,00 €

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	9.141.000,00 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	72.555,55 €



TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-110.000,00 €
SUMA...	9.103.555,55 €

O resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impostos directo.	0,00 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	0,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	9.103.555,55 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	9.103.555,55 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULO...	9.103.555,55 €

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	403.170,00 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	479.000,00 €
Capítulo 6º Inwestimentos reais.	6.023.385,55 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	2.198.000,00 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	9.103.555,55 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULO...	9.103.555,55 €

1. Modificación do Anexo II das bases de execución, engadindo como subvencións nominativas, a seguinte:

231 - BENESTAR SOCIAL			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade



231-2313-480.02	ATENCIÓN A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL_BENESTAR SOCIAL	1.050.000,00 €	
G82662743	Confederación Española de Organizaciones de Mayores	3.000,00 €	XII Congreso Nacional de Organizaciones de Mayores
233- XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
233-2310-789.01	OUTRAS TRANSFERENCIAS, ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO_XUVENTUDE	8.000,00 €	
G02759801	ASOCIACIÓN ESTUDIANTEL UVIGO SPACELAB	8.000,00 €	PROXECTO BIXO (Bacteriological Intercommunication Experiment in Orbit, experimento biolóxico na órbita baixa terrestre, estudar os efectos da exposición prolongada ao ambiente espacial de microorganismos vivos)
240_FOMENTO DE EMPREGO			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
240-2410-489.06	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, EMPRENDEMENTO_FOMENTO DO EMPREGO	25.000,00 €	
G70115282	CLUSTER DA COMUNICACIÓN DE GALICIA	10.000,00 €	CONGRESO FLUOR
240-4312-489.01	OUTRAS TRANSFERENCIAS, ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO_FOMENTO DO EMPREGO	4.000,00 €	
G36911543	FEDERACIÓN DE ENTIDADES Y EMPRESAS DEL COMERCIO Y SERVICIOS DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	4.000,00 €	CAMPAÑA XOGA EN EQUIPO. APOSTA POLO COMERCIO LOCAL
330_CULTURA			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
330-3340-489.05	OUTRAS TRANSFERENCIAS PARA ACTIVIDADES CULTURAIS_CULTURA	1.380.500,00 €	



G36688422	Orquesta Clásica de Vigo	5.000,00 €	" 8 PÉS 2025" V FESTIVAL DE ÓRGANO DE VIGO
340_DEPORTES			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
340-3410-489.02	OUTRAS TRANSFERENCIAS PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS_DEPORTES	1.319.000,00 €	
Q0878004A	FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE TRIATLON	100.000,00 €	DESENVOLVEMEN TO DO WORLD TRIATHLON MULTISPORT CHAMPIONSHIPS 2025
942_ COOPERACIÓN			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
942-4920-479.01	A ENTIDADES CON FINS DE LUCRO, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN_COOPERACIÓN	5.000,00 €	
B-67707059	O&A smart City Consulting , S.L.	5.000,00 €	"I CONGRESO DE CIUDADES INTELIGENTES Y ECONOMÍA CIRCULAR"
942-9431-489.01	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, COOP. TRANSFRONTEIRIZA _COOPERACIÓN	87.500,00 €	
G-94076437	Asociación Xuventudes Musicais Eixo Atlántico	30.000,00 €	13ª EDICIÓN DO IKFEM FESTIVAL TUI-VALENÇA NO 2025
Onde se establecía:			
240_FOMENTO DE EMPREGO			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO INICIAL	Obxecto e finalidade
240-2410-470.02	A EMPRESAS, FOMENTO DO EMPREGO	8.000,00 €	
B56393344	NATURAL STONE EVENTS, S.L.	8.000,00 €	Feira STONEGAL 2025
Modifícase polo seguinte:			
240_FOMENTO DE EMPREGO			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO	Obxecto e finalidade



		FINAL	
240-2410-470.02	A EMPRESAS, FOMENTO DO EMPREGO	10.000,00 €	
B56393344	NATURAL STONE EVENTS, S.L.	10.000,00 €	Feira STONEGAL 2025

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 03/2025 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.03/25) por importe de 72.555,55 euros e suplementos de créditos (SUP.02/25) por importe de 9.141.000,00 euros, mais as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 03/2025, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.”

3.8413.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO PERSOAL EVENTUAL DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2025033406 - 2025033181)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/CV7HJx8DMRKp9zQssBdrfQiDnSorLtoDEhXNwroTxifrCNH9>

De conformidade co disposto nos artigos 104 e 104 bis da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 176 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, 12 do Real decreto legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e 29 a 31 e 201 da Lei 2/2015 de 29 de abril, de



Emprego Público de Galicia, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do BNG e do PSdeG-PSOE, crear un posto de traballo de auxiliar de comunicación, equivalente a un subgrupo C2, na RPT de persoal eventual, de confianza e asesoramento especial, nos termos que se detallan no seguinte cadro:

Custo total por 6 meses	Retribución anual	Retribucións 6 meses	Seg. social 6 meses	Total 6 meses 2025
1 Auxiliar de comunicación	30.000 €	15.000 €	4.780,50 €	19.780,50 €

O custo salarial total para este ano 2025, por seis meses, ascende a 15.000 € en concepto de retribucións, e 4.780,50 € en concepto de seguridade social, cantidades que se imputaran ás aplicacións orzamentarias 25/912.9120.110.01 e 25/912.9120.160.02.

Nas resolucións de nomeamento indicárase o contido das funcións, tarefas ou labores encomendadas, propios dos servizos xerais da Corporación Provincial para a súa posterior inclusión na relación de postos de traballo da Corporación.

Esta retribución será actualizada en función do establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado de cada ano.

Este acordo será publicado na forma prevista no apartado 5 do artigo 104 bis da LRBRL, e no portal de transparencia da Deputación en aplicación do artigo 8.1 f) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información e bo goberno, así como os respectivos nomeamentos do persoal eventual.

O Presidente da Deputación Provincial informará ó Pleno con carácter trimestral do número, características e retribucións do persoal eventual.

4.8414.- **APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO ACORDO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2025033366 – 2024032689 - 2023036794)**

Acceso ás intervencións:



<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/tKk4s88ouV3engsVSWz9Y0SGZLi6kgtGFPfa8aWbaexIjHCI>

Resultando. - Que o Pleno da Deputación de Pontevedra, en sesión celebrada o 31 de maio de 2024 acordou a adxudicación “Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, ás seguintes empresas, de acordo co seguinte detalle:

LOTE	EMPRESAS	PORCENTAJE BAIXA OFERTADO
1	FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL	8,87%
2	MOV. ARIDOS Y CONSTR. AROSA SL	9,50%
3	CONSTRUCCIONES FECHI SLU	13,40%
4	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, SA	15,80%
5	CONSTRUCCIONES E C CASAS SL	11,10%
6	NAROM SL	9,49%

Resultando. - Que os contratos dos lotes 2, 3, 4 e 6 formalizáronse entre as partes o día 26 de xuño de 2024, e o do lote 1 e 5 formalizáronse posteriormente os días 4 de xullo e 28 de xuño respectivamente, cun período de vixencia de un (1) ano a contar dende a súa formalización.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: Y6KC2ZEV3HKT6961 informe emitido pola xefa dos Servizos Administrativos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais coa conformidade da Deputada Delegada desa área, solicitando que para acometer os traballos da campaña correspondentes á campaña de conservación de firmes, se prorrogue o “Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” por un período de un ano.

Resultando.- Que no informe emitido pola xefa dos Servizos Administrativos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais tamén se recolle o seguinte: “...Nivel de prestación satisfactorio, con inexistencia de incumprimentos por parte da contratista que xustifiquen, no seu caso, a improcedencia da prórroga: Os traballos levados a cabo polas empresas adxudicatarias dos diversos lotes resultaron satisfactorios ao longo do período do contrato, realizando todos os traballos recollidos cos respectivos contratos derivados en base ao PPT que rexe o contrato. 2. A prórroga proposta non supón a alteración das características do contrato, especialmente do prezo aprobado: Realizaranse os mesmos traballos e de acordo cos prezos unitarios recollidos no contrato



relativos aos servizos de conservación ordinaria e vialidade nas estradas provinciais, polo que non supón alteración das características do contrato nin do prezo...”.

Resultando.- Que consta no expediente preaviso notificado ás empresas contratistas de cada lote (CSV) SHRG0X5Z93TQ76WY, realizado coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da LCSP sendo polo tanto dita prórroga obrigatoria para os contratistas.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: YF491BVN0Z1L2Q2I, informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario Xeral da Deputación e o Interventor, no que se recolle o seguinte: “...*En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta. O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é o Pleno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 26/06/2025*”.

Resultando.- Segundo se recolle no PCAP, o Acordo marco terá unha duración dun ano, sendo o orzamento máximo estimado anual de 4.443.067,05 € (IVE engadido) distribuídos da seguinte forma:

LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3	LOTE 4	LOTE 5	LOTE 6
649.959,99 €	873.283,85 €	636.339,15 €	873.701,92 €	724.767,48 €	658.015,59 €

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os seguintes documentos RC:

LOTE	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	NÚMERO OPERACIÓN
1	649.959,09 €	25/456.4530.612.01	12025000073666
2	873.283,85 €	24/456.4530.612.01	12025000073668
3	636.339,15 €	24/456.4530.612.01	12025000073670
4	873.701,92 €	24/456.4530.612.01	12025000073672
5	724.767,48 €	24/456.4530.612.01	12025000073674
6	685.015,56 €	24/456.4530.612.01	12025000073675

Considerando.- Que o artigo 219.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece en relación á duración dos acordos marco que, “A duración dun acordo marco non poderá exceder de catro anos, salvo en casos excepcionais, debidamente xustificados...”.



Considerando.- Que o apartado 6 do PCAP recolle que o acordo marco poderá ser prorrogado ata tres veces, por un prazo máximo de un ano cada prórroga.

Considerando.- Que o contrato tramitouse e adxudicouse baixo a vixencia da LCSP, en cumprimento da súa DTª 1ª esta norma será a aplicable.

Considerando.- Que o réxime xurídico establecido para a prórroga dos contratos na LCSP recóllese no seu artigo 29.2. da documentación aportada ao expediente dedúcese:

- O contrato encóntrase en vigor.
- O prazo de duración inicial máis a prórroga non supera o máximo previsto polo art. 29.4 da LCSP.
- A prórroga prevese expresamente nos pregos, nas condicións propostas.
- No informe do/a responsable do contrato déixase claro que a prórroga procederá nos mesmos termos que o contrato concertado, sen alteración dos seus termos, e o desenvolvemento conforme da prestación pola contratista.
- Consta o prazo de preaviso precisado polo art. 29.2, ou a conformidade expresa da contratista.
- Incorporouse ao expediente certificado de existencia de crédito ou documento de retención de crédito (RC).

Á vista do exposto, o Pleno da Corporación Provincial, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por unanimidade:

- Aprobar a primeira prórroga, por período de un ano, do “Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, de acordo co seguinte detalle:

LOTE 1	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL	649.959,09 €
Os prezos unitarios aplicaráselle a porcentaxe de baixa ofertada do 8,87 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM	
Prazo de duración da prórroga: dende o 04/07/2025 ata o 04/07/2026	

LOTE 2



EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE. AROSA SL	873.283,85 €
Os prezos unitarios aplicaráselle a porcentaxe de baixa ofertada do 9,50 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	
Prazo de duración da prorroga: dende o 26/06/2025 ata o 26/06/2026	

LOTE 3	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONES FECHI SLU	636.339,15 €
Os prezos unitarios aplicaráselle a porcentaxe de baixa ofertada do 13,40 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	
Prazo de duración da prorroga: dende o 26/06/2025 ata o 26/06/2026	

LOTE 4	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, SA	873.701,92 €
Os prezos unitarios aplicaráselle a porcentaxe de baixa ofertada do 15,80 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	
Prazo de duración da prorroga: dende o 26/06/2025 ata o 26/06/2026	

LOTE 5	
EMPRESA	IMPORTE ETIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONES E C CASAS SL	724.767,48 €
Os prezos unitarios aplicaráselle a porcentaxe de baixa ofertada do 11,10 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	
Prazo de duración da prorroga: dende o 28/05/2025 ata o 28/05/2026	

LOTE 6	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
NAROM SL	685.015,56 €
Os prezos unitarios aplicaráselle a porcentaxe de baixa ofertada do 9,49 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	
Prazo de duración da prorroga: dende o 26/06/2025 ata o 26/06/2026	

5.8415.- **APROBACIÓN DA MEMORIA DE EQUIPAMENTO MODIFICADA DA ACTUACIÓN “REHABILITACIÓN DE EDIFICIO PARA CENTRO SOCIAL E DE MAIORES” PRESENTADA POLO CONCELLO DE VILABOA AO ABEIRO DO PROGRAMA PON 2030 (EXPTES. 20230303550 - 2025035578)**



Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/KejZQqh0YJJxGE3ypCxuXHnFHBSAFIKEGyrp2wH3IJnRe40N>

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 06/03/2023, mediante o acordo núm. 2.7960, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 46, de 07/03/2023, modificadas polo Pleno provincial na súa sesión ordinaria de 29/09/2023, mediante o acordo núm. 3.8051, publicadas no BOPPO núm. 191, de 03/10/2023.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria urxente de 23/06/2023, mediante o acordo núm. 4.8011, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrência competitiva ao Concello de Vilaboa con destino á execución da actuación denominada “Rehabilitación de edificio para Centro Social e de Maiores”, ao abeiro do Programa PON2030.
- O custo total da actuación ascendía a 643.268,02€ (560.197,45€ de execución de obra, 65.461,45€ de equipamento e mobiliario e 17.609,12€ de honorarios técnicos) e a subvención concedida a 490.446,07€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 152.821,95€.
- O 23/11/2023 asínase o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilaboa, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal



non será posible o pago da subvención.

- Na data 19/12/2023 o concello adxudica o contrato da obra por un importe de 537.341,40€, resultando unha baixa de adxudicación de 22.856,05€ (4,08%). Na data 22/12/2023 formalízase o correspondente contrato administrativo.
- Na data 29/11/2024, mediante o acordo núm. 5.8300 o Pleno da Corporación Provincial aprobou o proxecto modificado presentado e aprobado polo concello. O orzamento de adxudicación, que pode financiarse integramente coa baixa, incrementase en 14.753,96€, resultando nun total de 552.095,36 €. Dos 22.856,05€ correspondentes coa baixa de adxudicación inicial quedarían dispoñibles 8.102,09€.
- Na data 13/01/2025, o Concello de Vilaboa presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rexistro WEB2025002061) unha memoria de equipamento modificada, na data 20/01/2025 presenta un informe sobre a motivación da modificación da memoria de equipamento (núm. Rexistro WEB2025003573), e na data 14/05/2025 presenta a aprobación da memoria de equipamento corrixida (núm. Rexistro WEB2025036573). Segundo os técnicos, os cambios introducidos na memoria modificada non son substanciais e débense a un desaxuste dos prezos co mercado e á falta de precisión na descrición dalgúns dos elementos, o que provocou que a licitación resultase deserta. O novo orzamento de licitación ascende a 67.953,68€, resultando un incremento de 2.492,23€ (3,81%), que podería financiarse cos 8.102,09€ da baixa correspondente ao contrato da obra mencionado no anterior párrafo.
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión da memoria de equipamento modificada na data 19/05/2025 (CSV: TIE47EZY2VO9ZGJ). No mesmo conclúese que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria, e que debido á escasa entidade dos cambios, considérase que non é necesario convocar a comisión de expertos, e queda convalidada ca sinatura dos membros que forman parte da devandita comisión.
- O día 19/05/2025 a xefa do Servizo de Cooperación informa



favorablemente o expediente (CSV: 9S9NJJ06GS5LLVT8).

- Na data 20/05/2025 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que considera que os cambios introducidos na memoria de equipamento modificada non modifican a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria (CSV: 1WYQK7NSZFBV0TLT5).
- O día 20/05/2025 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación da memoria de equipamento modificada (CSV: 39G5CMFPSUH3W8YV).
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 23/05/2025 (CSV: 7DZ4A20NUL7G970B).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada



no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30/12/2016 (OXSDPPO).

- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa provincial de infraestruturas e dotacións singulares para a execución da Axenda 2030 – Programa PON2030.
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilaboa para a execución da actuación denominada “Rehabilitación de edificio para centro social e de maiores” ao abeiro do Programa PON2030.

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e



cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, en concordancia coa Base reguladora 17ª da convocatoria, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas non aplicadas aplicarase proporcionalmente entre a Deputación e o Concello. No caso de non existir ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do Concello ou coas doutros entes públicos.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.



CONCLUSIÓN

A memoria de equipamento modificada presentada polo Concello de Vilaboa para a execución da actuación denominada “Rehabilitación de edificio para Centro Social e de Maiores”, no marco do Programa PON2030, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O concello tramitou o oportuno expediente motivado por un desaxuste dos prezos co mercado e á falta de precisión na descrición dalgúns dos elementos, o que provocou que a licitación resultase deserta.

A memoria de equipamento modificada incrementa o orzamento de licitación en 2.492,23 €, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 8.102,09€ € (correspondentes ao contrato da obra), o incremento pode financiarse coa dita baixa.

O informe do técnico de Cooperación, ratificado mediante a sinatura dos membros da Comisión de Persoas Expertas do Programa PON2030 pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

A memoria de equipamento modificada preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa PON2030 e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, e do ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar a memoria de equipamento modificada da actuación “Rehabilitación de Edificio para Centro Social e de Maiores” presentado polo Concello de Vilaboa ao abeiro do Programa PON2030.



- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Vilaboa, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

6.8416.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DA CAÑIZA DE DOUS TREITOS ANTIGOS, UN NA EP-5002 A CAÑIZA – MOURENTÁN E OUTRO NA EP-5102 A LAMOSA – A FRANQUEIRA – AS ACHAS (EXPTE. 2022008817)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/USXzXE0RHgy8jNpdZL8V7UpUW4wGbec7ox2U5mshr4lthsXx>

Antecedentes.

O Concello da Cañiza e a Deputación de Pontevedra formalizaron o 20 de xuño de 2022 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado “Recuperación do entorno da antiga ponte das Achas no concello da Cañiza”.

Conforme a súa cláusula quinta 5) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao Concello dos seguintes treitos:

- Treito antigo de 330 metros de lonxitude situado na marxe dereita do p.q. 1+440 da EP-5002 A Cañiza – Mourentán,
- Treito antigo de 151 metros de lonxitude situado na marxe esquerda do p.q. 16+040 da EP-5102 A Lamosa – A Franqueira – As Achas,

O 2 de abril de 2025 os Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a prol do Concello da Cañiza dos anteditos treitos antigos das estradas provinciais EP-5002 A Cañiza – Mourentán e EP-5102 A Lamosa – A Franqueira – As Achas.

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable.



- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común de Galicia (LMMCG).
- Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (RBEL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª. Motivación.

No informe técnico estímase o valor patrimonial das vías obxecto de transferencia en SEISCENTOS UN MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS (601.250,00 €) e móvanse os cambios de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinálase que:

“A EP-5002 A Cañiza – Mourentán, ten na marxe dereita do PQ 1+440 o inicio dun treito antigo de 330 metros de lonxitude, do mesmo xeito, e ao carón do anterior, a EP-5102 A Lamosa – A Franqueira – As Achas conta cun treito antigo de 151 metros de lonxitude, o inicio deste treito antigo sitúase na marxe dereita da estrada no seu PQ 16+040.

Ambos treitos antigos son o resultado dunha mellora do trazado destas estradas producidos pola execución dunha variante viaria, polo que xa non forman parte dos seus itinerarios principais, estes treitos antigos son considerados pola letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia como elementos funcionais da estrada, e na actualidade serven principalmente de acceso aos predios e edificacións lindeiras, polo tanto, sen formar parte dos itinerarios viarios principais.



Dada conta que ambos treitos son considerados elementos funcionais da estrada, dáse cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, de 26 de maio.

Polo tanto, considérase que os anteditos treitos antigos, carecen da funcionalidade de soporte físico para as comunicacións interurbanas e a circulación de vehículos automóbiles, en consecuencia, non teñen as características propias das estradas provinciais, por todo o anterior, e logo que con estas transferencias o Concello da Cañiza poderá garantir un mellor mantemento deles e levar un control máis directo sobre estes para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público, infórmase favorablemente ao seu cambio de titularidade a favor do Concello da Cañiza de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia”.

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

Os artigos 9.4 da LEG e o 18.1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

A lexislación de réxime local non regula especificamente a transmisión da titularidade de bens e dereitos demaniais sen desafectación recollida no artigo 29 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia aplicable ás entidades locais segundo dispón a súa disposición adicional segunda sen que recolla ningunha previsión sobre os órganos competentes das entidades locais para acordar a transmisión e a aceptación da transmisión.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de



membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. A Secretaría Xeral emitiu informe favorable en data 9 de abril de 2025. Pola súa banda o Servizo de Intervención emitiu informe favorable en data 10 de abril de 2025.

Polo que antecede, o Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello da Cañiza dos seguintes treitos:

- Treito antigo de 330 metros de lonxitude situado na marxe dereita do p.q 1+440 da EP-5002 A Cañiza – Mourentán.
- Treito antigo de 151 metros de lonxitude situado na marxe esquerda do p.q 16+040 da EP-5102 A Lamosa – A Franqueira – As Achas.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9.5 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao Concello.

7.8417.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE RIBADUMIA DE DIVERSOS TREITOS DAS ESTRADAS PROVINCIAIS EP-9506 BARRANTES – VILARIÑO, EP-9505 RAMAL DA IGREXA DE BARRANTES E EP-9305 COIRÓN – RIBADUMIA - LEIRO (EXPTE. 2023006000)**



Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/w0DLbDMWS4JkI7YguCCPT9KMEPA6IZqe8YPVL2pa2IL1Ba8u>

Antecedentes.

O Concello de Ribadumia e a Deputación de Pontevedra formalizaron o 4 de setembro de 2023 un Convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado “*Urbanización da rúa Condessa e áreas de estacionamento. Barrantes - Ribadumia*”.

Conforme a súa cláusula quinta 5) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao concello dos seguintes treitos:

- Treito inicial de 305 m de lonxitude da EP-9506 Barrantes – Vilariño, dende o PQ 0+115 ao PQ 0+420.
- Treito final de 317 m de lonxitude da EP-9505, Ramal Igrexa Barrantes, dende o PQ 0+562 ata o PQ 0+879.
- Treito antigo de 358 m de lonxitude da EP-9305 Coirón – Ribadumia – Leiro, situado na marxe esquerda do PQ 9+100.

O 2 de abril de 2025 os Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a prol do Concello de Ribadumia dos anteditos treitos das estradas provinciais EP-9506 Barrantes – Vilariño EP-9505 Ramal Igrexa Barrantes e EP-9305 Coirón – Ribadumia – Leiro.

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común de Galicia (LMMCG).



- Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (RBEL).
- Lei 39/2015, e 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª. Motivación.

No informe técnico estímase o valor patrimonial das vías obxecto de transferencia en DOUS MILLÓNS CENTO VINTE E SEIS MIL CINCOCENTOS VINTE E UN EUROS (2.126.521,00 €) e mótvanse os cambios de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinálase que:

“O actual treito inicial da EP-9506 Barrantes – Vilariño (logo da antedita transferencia do ano 2020) entre os PQ 0+115 e 0+420, forma parte do núcleo de poboación de Barrantes, núcleo principal e de maior poboación do termo municipal de Ribadumia. Este treito foi obxecto recentemente de obras de mellora e urbanización urbana recollendo espazos lindeiros á estrada para acondicionalos como dúas áreas de estacionamento ao servizo dos autobuses escolares e para o acceso aos centros educativos e instalacións deportivas, así mesmo foi modificado o trazado e sección da rúa Condessa (EP-9506 Barrantes – Vilariño) ampliando a zona de beirarrúas, executando novas beirarrúas máis amplas e unha banda de aparcadoiro en liña na marxe dereita tendo, polo tanto, na actualidade unhas características funcionais e de utilidade que son asimilables ao viario urbano de carácter e tipoloxía municipal.

Faise constar que a lonxitude real do treito transferido no pasado ano 2020, segundo o Decreto 166/2019, do 12 de decembro, polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Ribadumia dun treito de 112 metros lineais da estrada provincial EP-9506 Barrantes-Vilariño (DOG do venres, 3 de xaneiro de 2020), foi de 115 metros e non de 112 metros. A diferenza de tres metros prodúcese por un erro material na medición que foi detectado e arranzado con posterioridade ao proceso e materialización do cambio de



administración titular. Polo tanto, na actual transferencia, o PQ de inicio do cambio de titularidade é o corrixido PQ 0+115.

Por outra parte, a estrada EP-9505 Ramal da Igrexa de Barrantes, dispónse funcionalmente dividida en dous treitos diferenciados logo da intersección que se produce coa estrada provincial EP-9302 Xil – As Covas Barrantes. Así pois, o treito final proposto para a transferencia da EP-9505 Ramal da Igrexa de Barrantes, dende o PQ. 0+562 ata o PQ. 0+879, atópase na actualidade desvinculado da rede provincial de estradas e xa non forma parte do itinerario viario de carácter interurbano propia da rede provincial de estradas. Ademais disto, do PQ. 0+720 ao 0+879, esta estrada foi obxecto dunha completa urbanización mediante a execución de beirarrúas, prazas de aparcamento dispostas en batería, alumado público e drenaxe de augas pluviais.

Por último, o treito antigo situado na EP-9305 Coirón – Ribadumia – Leiro, que ten o seu inicio na marxe esquerda do PQ. 9+100, é o resultado dunha mellora do trazado desta estrada, polo que non forma parte do seu itinerario principal, este treito antigo é considerado pola letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia como un elemento funcional da estrada, e serve principalmente de acceso aos predios e edificacións lindeiras, polo tanto, sen formar parte do itinerario viario principal.

Todos estes treitos, son treitos terminais ou estremeiros (xa xean iniciais ou finais) ou treitos considerados elementos funcionais da estrada, polo que dáse cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, de 26 de maio.

Polo tanto, considérase que os anteditos treitos das EP-9506 Barrantes - Vilariño; EP-9505 Ramal da Igrexa de Barrantes e EP-9305 Coirón – Ribadumia – Leiro, carecen da funcionalidade de soporte físico para as comunicacións interurbanas e a circulación de vehículos automóbiles, en consecuencia, non teñen as características propias das estradas provinciais, por todo o anterior, e logo que con estas transferencias o Concello de Ribadumia poderá garantir un mellor mantemento das estradas e levar un control máis directo sobre as mesmas para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público, Infórmase favorablemente ao seu cambio de titularidade a favor do Concello de Ribadumia de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.”

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

Os artigos 9.4 da LEG e o 18.1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa



administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

A lexislación de réxime local non regula especificamente a transmisión da titularidade de bens e dereitos demaniais sen desafectación recollida no artigo 29 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia aplicable ás entidades locais segundo dispón a súa disposición adicional segunda sen que recolla ningunha previsión sobre os órganos competentes das entidades locais para acordar a transmisión e a aceptación da transmisión.

O artigo 33.2 ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. A Secretaría Xeral emitiu informe favorable en data 9 de abril de 2025. Pola súa banda o Servizo de Intervención emitiu informe favorable en data 10 de abril de 2025.

Polo que antecede, o Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, acorda por unanimidade:



Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Ribadumia dos seguintes treitos:

- Treito inicial de 305 m de lonxitude da EP-9506 Barrantes – Vilariño, dende o PQ 0+115 ao PQ 0+420.
- Treito final de 317 m de lonxitude da EP-9505, Ramal Igrexa Barrantes, dende o PQ 0+562 ata o PQ 0+879.
- Treito antigo de 358 m de lonxitude da EP-9305 Coirón – Ribadumia – Leiro, situado na marxe esquerda do PQ 9+100.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9.5 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao Concello.

8.8418.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) RELATIVA A SOLICITUDE AO GOBERNO DE ESPAÑA PARA A REBAIXA DO IMPOSTO DO VALOR ENGADIDO (IVE) DO PEIXE E DOS PRODUTOS DO MAR (EXPTE. 2025034057)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Q4CytWkigDpr4OqvWLbOYgo1AbTb4I1f4NQXLkmof8ZtEoLd>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda do día 23 de maio de 2025, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG, e cos votos en contra do PSdeG-PSOE, aprobar a Moción do grupo provincial do Partido Popular de solicitude ao Goberno de España para a rebaixa do imposto do valor engadido (IVE) do peixe e dos produtos do mar.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



Os produtos do mar, nomeadamente o peixe, o marisco e as conservas dos mesmos, son fundamentais para a provincia de Pontevedra en moitos eidos, desde o seu consumo no marco dunha alimentación sostible e de fomento de hábitos saudables dos cidadáns ata a súa xeración económica, industrial e de milleiros de postos de traballo nunha actividade que, ademais, forma parte da nosa propia identidade.

Sen embargo, os datos oficiais reflicten que, tras a pandemia da covid-19, e por mor da forte inflación que se padeceu en España no período 2021-2024, diminuíu fortemente o consumo de produtos do mar malia ser un elemento básico e central da alimentación dos galegos.

Así, antes da pandemia o consumo en Galicia situábase arredor de 30 quilogramos por persoa ao ano, mentres que na actualidade, e segundo os derradeiros datos oficiais, caeu ata os 25,05 quilogramos. De feito, entre os anos 2023 e 2024 a cifra reduciuse outro chisco máis, nun 1,47%, malia que o valor de venda destes produtos aumentou nun 2,22%, froito sen dúbida da suba de prezos.

Pero en todo caso, e malia que Galicia está en mellor situación que o resto de España, xa que as cifras nacionais retrocederon o consumo duns 25 quilogramos anuais por persoa a só 18,5 o pasado exercicio, un dos datos máis preocupantes estriba na penetración dos produtos do mar nos fogares galegos, que se sitúa no 88,7% tras caer en once puntos con respecto ao exercicio precedente pola clara influencia da inflación.

E paralelamente a estes aspectos referidos á alimentación e consumo de peixe e produtos do mar, desde o PP Provincial tamén queremos alertar dos efectos que esta circunstancia ten sobre a socioeconomía dun sector estratéxico e identitario de Galicia.

Loxicamente, e malia que o volume de negocio se atopa estancado e sen experimentar un forte retroceso simplemente polo incremento de prezos, esta situación de descenso do consumo xa está a ter consecuencias na cadea mar-industria, na súa xeración de riqueza, nas empresas, nos autónomos e nos milleiros de postos de traballo deste sector e, de proseguir con esta tendencia, os efectos poden ser aínda peores.



E a súa importancia e peso económico percíbese perfectamente nas cifras, posto que a pesca das 22 lonxas e centros de venda da provincia de Pontevedra puxeron no mercado o pasado ano un total de 26.062 toneladas cuns niveis de facturación de 134,8 millóns de euros, aos que hai que engadir as 162.299 toneladas de mexilón das nosas bateas, cun volume de negocio de 117 millóns de euros, e as producións menores doutros produtos de acuicultura, como a ameixa, o berberecho, a ostra ou a voandeira, por só citar algúns exemplos.

Ademais, todo elo cunha gran implantación e espallamento por toda a nosa provincia con dez lonxas e grandes centros de venda na ría e a zona marítima de Vigo (Vigo, Canido, A Guarda, Arcade, Baiona, Cangas, Moaña, Panxón, Redondela e Vilaboa), 6 na de Pontevedra (Aldán-Hío, Bueu, Campelo, Marín, Portonovo e Pontevedra) e outros 6 na de Arousa (A Illa de Arousa, Cambados, Carril, O Grove, Vilanova e Vilaxoán), que sosteñen conxuntamente milleiros de empregos.

Por elo, desde o PP da Provincia de Pontevedra consideramos que se deben tomar medidas tanto para reactivar o consumo de peixe entre a poboación como para axudar e colaborar co futuro dun sector socioeconómico de gran importancia para a provincia de Pontevedra e para o resto da comunidade autónoma.

Neste senso, queremos amosar o noso apoio ás iniciativas que, fronte a esta situación, está a poñer en marcha a Xunta de Galicia, tanto de colaboración constante e transversal co sector pesqueiro, mariñeiro e marisqueiro, como para a incentivación do consumo dos seus produtos a través do chamado 'Bono Peixe', que foi anunciado polo presidente Alfonso Rueda no recente Debate de Política Xeral celebrado no Parlamento galego e que obtivo unha gran acollida xeralizada tanto entre os sectores produtivos e as organizacións do mar como entre a poboación.

Así, esta axuda cidadá de 50 euros favorecerá que os galegos incrementen o consumo de peixe e produtos do mar frescos, especialmente entre as persoas e familias con rendas máis baixas ou en situación de vulnerabilidade, e estímase que poderá mobilizar e impulsar, nesta primeira edición, máis de 10 millóns de euros ao tempo que contribuirá a reactivar este hábito de compra. Deste xeito, redundarase positivamente tanto na alimentación dos fogares como na



situación económica do sector de maneira similar ao éxito rexistrado en accións anteriores e semellantes para outros ramos impulsadas pola Xunta, como foi o caso do 'Bono Comercio' ou o 'Bono Turístico', entre outros.

Sen embargo, desde o PP Provincial consideramos que, para favorecer a consecución destes obxectivos, é preciso que o Goberno de España colabore de maneira proactiva e aprobe a catalogación do peixe e dos produtos do mar como alimentos básicos para que poidan contar cun Imposto do Valor Engadido (IVE) cun tipo superreducido do 4% no canto do 10% cos que se lles grava na actualidade, xa que elo favorecería o consumo, especialmente entre as familias coas rendas máis baixas, axudaría ao sector e remataría coa discriminación que padecen con respecto a outros produtos alimenticios que si contan con esta tributación máis baixa.

Esta medida, á que o Goberno de España se resiste desde hai anos, conta co apoio do Parlamento Europeo e da Comisión Europea e forma parte das demandas de todas as organizacións pesqueiras e vencelladas ao sector do mar, ao tempo que suporía unha gran iniciativa para Galicia como principal potencia pesqueira do Estado.

De feito, e segundo un estudo da Universidade de Santiago de Compostela (USC) elaborado no ano 2023, a rebaixa do IVE nos produtos pesqueiros e marítimos xeraría un gran impulso no consumo e suporía un gran apoio ao sector, posto que calcula que permitiría crear uns 5.500 postos de traballo en Galicia e producir unha riqueza estimada duns 30 millóns de euros anuais.

A demandada catalogación destes produtos como alimentos básicos e a conseguinte aplicación dun IVE superreducido foi solicitada de xeito constante desde o Parlamento de Galicia nos anos 2022, 2023 e 2024 a instancias do Partido Popular e incluso foi obxecto dunha resolución aprobada no recente Debate de Política Xeral 2025, celebrado o pasado mes, na que, ademais de respaldar a aprobación do 'Bono Peixe' por parte da Xunta, se lle reclamaba de novo ao Goberno central que coaduxera a este obxectivo coa antedita medida fiscal.

Por elo, desde o PP Provincial consideramos, e máis no actual contexto que padece o consumo de peixe e dos produtos do mar por parte da poboación e na situación na que se atopa este gran sector económico galego, que é urxente,



necesario e de xustiza que se lles rebaixe o IVE por parte do Goberno de España, tal e como vimos reclamando, desde distintas institucións e administracións, nos últimos anos.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

1º.- Instar ao Goberno de España a catalogar os produtos do mar e as súas conservas como alimentos básicos para evitar discriminacións con outros produtos saudables da dieta dos galegos e dos españois e proceder á aplicación inmediata aos mesmos dun Imposto do Valor Engadido (IVE) cun tipo superreducido do 4% para favorecer o incremento do seu consumo entre a poboación e para apoiar ao sector do mar.

2º.- Expresar o apoio da corporación provincial á Xunta de Galicia pola próxima posta en marcha do 'Bono Peixe' para recuperar o consumo deste alimento saudable e sostible.”

9.8419.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PSdeG-PSOE PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN QUE INSTE Á XUNTA DE GALICIA Á CREACIÓN DUN CENTRO DE ACOLLEMENTO PARA A ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO CON PROBLEMAS DE ADICIÓN (EXPTE. 2025034073)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/1jpbVWfQBE3SlrPpvkoIQ4bo74hpszewOgmFQxanwABICLSU>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación que inste á Xunta de Galicia á creación dun centro de acollemento para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero con problemas de adición.

10.8420.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PSdeG-PSOE**



**PARA ESIXIR DA XUNTA DE GALICIA E DA
DEPUTACIÓN RESPECTO DEMOCRÁTICO COS
CONCELLOS, EVITANDO AS XUNTANZAS
PARTIDISTAS COS VOCEIROS DA OPOSICIÓN (EXPTE
2025034074)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/9ekxDrJVkeRUMAlMaBCtKO692QPdWkAeXz6ClxJkAT6JfByY>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría de votos en contra do PP, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Xunta de Galicia e da Deputación respecto democrático cos concellos, evitando as xuntanzas partidistas cos voceiros da oposición.

11.8421.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG POLA
DIGNIFICACIÓN DO SERVIZO DO GRUPO DE
EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (GES) VAL MIÑOR
(EXPTE 2025035580)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/CLvzYkFzxXGit2P6qiE3vwkHyUZipgDhnJaB5kLtoMLStjp3>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, acorda cos votos a favor do BNG, e coas abstencións do PP e do PSdeG-PSOE, aprobar a Moción do BNG pola dignificación do Servizo do Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) Val Miñor.

Dita Moción é como segue:

“Exposición de motivos:

A precariedade en que vive o servizo de emerxencias do Val Miñor, ademais do que ten a ver coa situación laboral, afecta tamén ás súas dependencias. Por un lado está a situación de absoluto abandono e deixamento da actual sede do



GES. Nun edificio compartido con outros servizos do Concello de Nigrán, cunhas instalacións cheas de humidades, paredes descunchadas, barandas desprendidas, teitos con pingueiras, unha escaleira perigosa, sen espazo para o adestramento físico en interior; en definitiva un espazo insalubre e incompatible cunhas condicións laborais minimamente dignas, e que nin a Xunta do PP nin os sucesivos presidentes da Mancomunidad, os socialistas de Nigrán e Gondomar, e o popular de Baiona, fan nada por arranxar. E por outro, está a desaxeitada localización da propia sede, situada ao carón dun instituto de educación secundaria que concentra en determinadas horas innumerables vehículos e persoas, o que pode dificultar enormemente as saídas de emerxencias.

Esta situación fai imprescindible ou a construción dunha nova sede para o Grupo de Emerxencias ou o seu traslado a unhas novas dependencias, unha nova localización que evite ter os vehículos á intemperie, que estea situada nun lugar axeitado, que facilite a comunicación con todo o Val, deseñada funcionalmente para o seu cometido e específica para o servizo, que o dote de maior seguridade e efectividade. Unhas novas dependencias que deberan ser o resultado dun convenio no que a Mancomunidad debe sumar as outras administracións competentes, Deputación de Pontevedra e Xunta de Galicia.

Toda esta realidade é de sobra coñecida, non é de onte, nin sequera dos últimos cinco anos, vén de lonxe, e xa se ten denunciado reiteradamente, mais a día de hoxe nada se moveu, nin por parte da Mancomunidad, nin doutras administracións que comparten competencias en materia de emerxencias, Xunta e Deputación. Cun desleixo temerario por parte de todas elas, que pon en xogo nada máis e nada menos que o correcto funcionamento dun servizo do que poden chegar a depender o bens e as vidas do conxunto do Val Miñor, un territorio cunha poboación habitual de arredor dos 45.000 habitantes, cifra que se ve triplicada en época estival. As institucións responsábeis deben actuar e non mirar para outro lado, para evitarmos ter que lamentar non ter feito nada a tempo.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do BNG somete a debate a proposta da adopción do seguinte

ACORDO:



Instar ao goberno da Deputación a:

- Iniciar, xuntamente coa Xunta de Galiza e a Mancomunidade de Concellos do Val Miñor, as xestións pertinentes para dotar dunha nova localización á sede das dependencias do Grupo de Emerxencias Supramunicipal do Val Miñor, nun lugar axeitado, que facilite a comunicación con todo o Val, que estea deseñado funcionalmente para o seu cometido e que sexa específico para o servizo.
- Ate que se dispoña dunha nova sede, colaborar coa Mancomunidade para proceder, no inmediato, a realizar o adecentado da sede actual, trasladando, se for preciso, o servizo a outro espazo de xeito provisional mentres duren as obras.

12.8422.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/DKfeZe80XtqyLTQbr9E9IOF5wFYRIPWoTmVIML8CzVb5xGT8>

Non houbo.

b) Parte de información e control:

13.8423.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE ABRIL DE 2025 (EXPTES. 2025033390 – 2025029179)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/RtTGvvMGQvNGbsRvd2P2IxpT9fhOWw2rbs5tf5dYMsZSerh7>

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabairós-Terra de Montes, correspondente ó mes de abril de 2025, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de



Contabilidade e Auditoría, con data 14 de maio de 2025, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior:

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais, Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de abril de 2025 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES ABRIL 2025

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Abril	12,8300000000	5.493.107,88	10,0900000000	1.390.220,61	12,2766042879
Escola de Enfermería	Abril	4,1200000000	2.803,92	5,0000000000	216,25	4,1830096981
Consorcio de Incendios e Salvamento	Abril	10,5100000000	50.714,70	0,0000000000	0,00	10,5100000000
Consorcio Deza Tabeiros	Abril	3,9712264200	6.453,49	14,4969839000	3.539,37	7,6993433207



TOTAL		5.553.079,99	1.393.976,23	12,2536050835
--------------	--	---------------------	---------------------	----------------------

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto”.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 23 de maio de 2025 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de abril de 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de abril de 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

14.8424.- **DAR CONTA DO INFORME DEFINITIVO DA INTERVENCIÓN SOBRE O CONTROL FINANCEIRO DE INGRESOS XESTIONADOS POLO ORAL (EXPTES. 2025033400 – 2022061086)**

Acceso ás intervencións:

[https://depontevedra.seneca.tv:443/s/BamB0QhrgumNguulTvntDPh98ceba
oeDSOcWZcqsJn3bBleF](https://depontevedra.seneca.tv:443/s/BamB0QhrgumNguulTvntDPh98cebaoeDSOcWZcqsJn3bBleF)

A Intervención elaborou un informe definitivo sobre o control financeiro de ingresos xestionados polo ORAL, asinado pola Viceinterventora, con data 6 de maio de 2025, onde deixa constancia do seguinte:

“**ANTECEDENTES:**



Segundo o disposto no artigo 3.1 do Real Decreto 424/2017, o control interno que corresponde ao órgano interventor levarase a cabo mediante o exercicio da función interventora e o control financeiro.

Na determinación das materias obxecto do control financeiro, podemos distinguir as de inclusión obrigatoria e as de inclusión potestativa en base a realización dunha análise de riscos.

De conformidade co disposto no artigo 219.4 do TRLRFL as entidades locais poderán determinar, mediante acordo do Pleno, a substitución da fiscalización previa de dereitos pola inherente á toma de razón na contabilidade e por actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Neste sentido, a base 48 das BEO provincial 2022 e 2023 sinalan que “a fiscalización previa dos actos de xestión correspondentes aos dereitos que, por delegación doutros Entes Públicos, tramita a Deputación a través do ORAL, referidos á aprobación dos padróns, beneficios fiscais sen dereito a devolución, aprazamentos/fraccionamentos e anulación de liquidacións por causas distintas á prescrición ou insolvencia, substituirase pola toma de razón en contabilidade. En función dos medios dispoñibles, proporase a realización dun control financeiro posterior mediante a utilización de técnicas de mostraxe ou auditoría”.

A estes efectos, o plan anual de control financeiro e auditoría para o exercicio 2022 incorporou o control financeiro dos recursos xestionados polo ORAL, coa inclusión de expedientes de baixa de valores, beneficios fiscais, aprobación de padróns, liquidacións tributarias en expedientes de cambios de titularidade, altas derivadas de inspeccións e as correspondentes con sancións de tráfico, así como aprazamentos ou fraccionamentos.

En data 4/11/2022 elaborouse o documento de planificación deste control con determinación dos seguintes aspectos:

- Alcance:

“... o control financeiro a executar nesta anualidade limitarase inicialmente aos expedientes de baixa de valores sen fiscalización previa, e referidos á figura impositiva local de maior transcendencia desde un punto de vista cuantitativo e cualitativo, que é o Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) – Urbana”.

- Obxectivos:

“Segundo o sinalado no artigo 3.3 do Real Decreto 424/2017 “o control financeiro ten por obxecto verificar o funcionamento dos servizos do sector público local no aspecto económico financeiro para verificar o cumprimento da normativa e directrices que os rexén e, en xeral, que a súa xestión cumpre cos principios de boa xestión financeira, comprobando que a xestión dos recursos públicos están orientados pola eficacia, a eficiencia, a economía, a calidade e a transparencia, e polos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira no uso dos recursos públicos locais.”

O control financeiro en materia de baixas de recursos (IBI – urbana) xestionados polo ORAL, terá por obxecto principal verificar:



- Que o procedemento de baixa adecuouse a normativa legalmente aplicable.
- Que consta no expediente a documentación legalmente esixible, así como a que con carácter específico, poida estar regulada na ordenanza fiscal correspondente ao Concello delegante.
- Que se incorporaron ao expediente os Informes preceptivos.
- Que as operacións foron rexistradas contablemente.
- Que se ditaron os actos administrativos de baixa.

Todo isto sen prexuízo daqueles aspectos que no desenvolvemento do control se considere preciso revisar a efectos de verificar a adecuación da xestión aos principios de boa xestión financeira (eficacia, eficiencia, economía, calidade e transparencia) e de estabilidade ou sustentabilidade financeira en aras a formulación de observacións e/ou recomendacións nestes aspectos.”

- Determinación do tamaño da mostra e selección dos expedientes:

“... os expedientes obxecto do control financeiro a planificar neste exercicio se corresponden con procedementos de baixa por causa distinta á prescrición e incobrable/insolvencia, polo que eliminando os expedientes correspondentes a estas dúas tipoloxías, obtemos un total de 30.532 expedientes, repartidos en once (11) motivos de baixa.

Para determinación do tamaño da mostra aplicamos unha porcentaxe do 1% para cada tipo ou motivo de baixa, cun número mínimo de 10 expedientes por tipo (ou polo número total de expedientes nas tipoloxía con número inferior a 10), do que resulta un total de 344 expedientes coa seguinte distribución:

Tipoloxía	Nº expedientes	Tamaño inicial mostra	Tamaño corrixido mostra
Duplicidade	6	1	6
Erro material	9	1	9
Falta ou erro de datos indispensables	4.679	47	47
Información AEAT	4.507	45	45
Información Concello/Deputación	1	1	1
Información DXT	3	1	3
Información XT Catastro	5.258	53	53
Outras causas	45	0	10
Recoñecemento bº fiscal	142	1	10
Resolución ORAL	14.736	147	148
Transmisión do dominio	1.146	11	12
	30.532	309	344

A selección de expedientes, respecto das tipoloxías nas que o tamaño da mostra é superior ao nº total de expedientes, realizouse en función da contía coa selección dos expedientes correspondentes cos valores tributarios de maior importe. Os expedientes seleccionados para o control se detallan no listado Anexo.”



(...)

O documento de planificación foi comunicado ao Tesoureiro, Directora do ORAL e Deputado delegado de Economía, Facenda, Réxime Interior e ORAL.

Con data 29/11/2022 incorporouse ao expediente o Informe do Xefe do Servizo de xestión Catastral, identificándose como responsable dos expedientes de xestión tramitados polo Servizo de xestión catastral, así como un resumo do fluxo do procedemento.

A limitación de medios e carga de traballo da Intervención impediu completar a execución deste control no exercicio 2022, incluíndose novamente esta actuación no plan anual de control financeiro 2023 subscrito en data 10/05/2023.

Con data 16/04/2024 emitíuse informe provisional de control financeiro incluíndo o resultado do control, así como as observacións en materia de tramitación e procedemento e recomendacións de mellora.

En xeral, observouse o cumprimento da normativa aplicable, sen prexuízo das limitacións ao alcance postas de manifesto, e identificáronse, en síntese, as seguintes áreas de mellora en relación cos expedientes e os documentos electrónicos:

Expedientes:

Clasificación: revisar e unificar a clasificación dos expedientes para facilitar a súa xestión e control.

Fluxo procedemental: definir un fluxo procedementa

l detallado, incluíndo a documentación requirida en cada etapa.

Documentos:

Denominación: categorizar, ordenar e unificar a denominación dos documentos para simplificar a visualización dos expedientes.

Informes proposta: revisar o contido estandarizado incluíndo motivación e xustificación da aplicación da normativa ao caso concreto e referencias a documentación do expediente.

Rexistro contable: garantir que o rexistro contable das baixas realícese de maneira adecuada e inclúase no expediente.

Sinatura electrónica: garantir a validez das sinatura electrónica nos documentos do expediente.

Así mesmo solicitouse aclaración respecto das **observacións por categoría** incluídas no anexo II.

Unha vez trasladado o informe provisional, pola Tesouraría emítase informe de alegacións. O informe da Tesouraría iniciase co sinalamento de tres limitacións ao alcance, unha segunda parte de “aclaracións, puntualizacións e concrecións” referidas as conclusións e recomendacións de carácter xeral, así como individualizadas por categoría e número de expediente.



A primeira das limitacións refírese a existencia dun posto de Dirección no exercicio correspondente incluído no ámbito do control. Unha segunda limitación esgrimida alude ao grao de parentesco da funcionaria que realiza o control e subscribe o informe provisional con persoal do Servizo de Coordinación, servizo que segundo reflicte o Tesoureiro, realizaba funcións de “apoio directo á Dirección”, podendo constituír causa de abstención ou incompatibilidade. Neste punto cómpre lembrar que o control financeiro levado a cabo non é un procedemento de esixencia ou depuración de responsabilidades, senón un procedemento de control e verificación da adecuación da tramitación aos principios de legalidade así como de eficiencia. En todo caso, cómpre subliñar que o ámbito obxectivo do control cinguese a expedientes xestionados por servizos alleos ao aludido Servizo de Coordinación, correspondéndose integramente con expedientes xestionados polo Servizo de Xestión catastral e o Servizo de Recadación, ambos legalmente incardinados baixo a superior xefatura da Tesouraría. Outra limitación refire a que parte as observacións se corresponde con cometidos propios da Intervención “que exerce a función fiscalizadora a través do denominado “Servizo Orzamentario e de Contabilidade do ORAL”.

As limitacións esgrimidas non desvirtúan nin teñen incidencia nas conclusións e recomendacións do informe provisional.

ESTUDO DAS ALEGACIÓNS:

As xustificacións proporcionadas pola Tesouraría resultan de especial interese para avaliar a relevancia das **observacións e recomendacións** realizadas no informe provisional de control financeiro e así poder emitir un informe definitivo no que se identifiquen aquelas áreas de mellora que requiran maior atención de cara a incrementar a eficacia dos controles internos e a calidade da información.

- Resposta ás alegacións referidas ás conclusións e recomendacións de carácter xeral:

1.- Ao plantexamento da observación sobre a inconsistencia na **clasificación de expedientes** (expedientes con características similares están categorizados de maneira diferente o que xera confusión e dificulta a xestión e análise dos datos) a Tesouraría xustifica a situación alegando que a diversidade de tipos e subtipos de expedientes se debe á natureza das baixas, que poden xurdir de diferentes procesos e requirir clasificacións máis específicas no momento da súa tramitación, que os motivos de baixa foron obxecto de revisión e cambios ao longo do tempo o que pode explicar a presenza de categorías obsoletas ou pouco acertadas nalgúns expedientes. Por último reconece que o motivo “Resolución ORAL” é demasiado amplo e que foi desactivado se ben xustifica o seu uso no pasado ao está respaldado propiamente por unha resolución.

Considérase que a resposta da Tesouraría presenta argumentos válidos para explicar a variabilidade da clasificación dos expedientes; sen embargo, existe marxe de mellora na xestión da clasificación dos expedientes:

- establecer un sistema de clasificación claro e coherente, baseado en criterios obxectivos e documentado de maneira clara e accesible para todos os usuarios.
- revisar e actualizar periodicamente esta clasificación para adaptala aos cambios.



- formar ao persoal que intervéen na clasificación para garantir a aplicación correcta dos criterios establecidos.
- implantar ferramentas para detectar e corrixir erros de clasificación.

2.- En relación á problemática da trazabilidade entre os expedientes e **os rexistros contables**, o Servizo de Xestión Orzamentaria e Contabilidade do ORAL informou que, aínda que a conexión directa non sexa explícita nos expedientes, as referencias contables rexístranse no SIT durante a contabilización mensual.

Se ben esta información é valiosa, a falta dun enlace directo entre ambos sistemas pode xerar inconsistencias e dificultar a verificación de datos, polo que é necesario seguir traballando para mellorar a integración entre as aplicacións e garantir que a información contable estea sempre dispoñible e actualizada. Conscientes desta problemática, todos os involucrados traballemos en conxunto para mellorar a integración entre aplicacións e garantir a calidade de información.

3.- Perante a observación de que non existe un **procedemento claro e definido para a xestión dos expedientes, incluíndo a falta de documentos obrigatorios e unha orde establecida para a súa tramitación e a inconsistencia na fiscalización dos expedientes**, xa que uns son revisados pola Intervención e outros non, ponse de manifesto que existe un fluxo procedemental definido a través dunha normalización iniciada no 2012 se ben recoñécese que non se completou para todos os expedientes e que os cambios organizativos afectaron á implementación dos procedementos, e xustifica a inconsistencia da fiscalización na falta de uniformidade nos criterios de fiscalización que entende solventada coa introdución da base 48 nas bases de execución do orzamento a partir do ano 2022 e polo tanto non aplica aos expedientes obxecto deste análise.

A definición e actualización constante dos procedementos é clave para optimizar o traballo que se leva a cabo no ORAL polo que se considera necesario seguir traballando neste sentido.

4.- En relación co incumprimento dos requisitos para a **sinatura electrónica** nos expedientes en relación cos informes de intervención que presentan sinaturas escaneadas non se proporciona unha resposta clara e delegase a responsabilidade de aclarar a situación en outros servizos.

Respecto de que o sistema non permite validar as sinaturas dos informes-proposta e resolución incorpórase un informe do Servizo de Coordinación que profundiza nos aspectos técnicos relacionados coa sinatura electrónica no SIT, sinala que existen erros na validación das sinaturas e demostra que as sinaturas son validas a pesar do error que mostra o aplicativo e que se require a corrección da mensaxe do sistema ao provedor do software para evitar confusións entre os usuarios. Así mesmo indicase que os informes de intervención non están asinados electronicamente.

A partir da información proporcionada para a finalidade de mellorar a xestión documental e a confianza nos procesos electrónicos recoméndase:

- corrixir o erro de validación.



- implantar a sinatura electrónica en todos os documentos, incluídos os informes de intervención.

5.- Observase que en moitos expedientes non se evidencia a **notificación** á persoa interesada. Xustifícase argumentando que non todas as baixas requiren notificación, referíndose a aquelas que afectan a erros internos así como ao custo da notificación.

6.- A resposta á recomendación de **categorizar, ordenar e unificar a denominación dos documentos** defende que os documentos están ordenados de acordo coa súa data de recepción e as actuacións realizadas, o cal é o criterio adecuado para a xestión dun expediente, pero non aborda o concepto de “categorizar” que implica clasificar os documentos segundo criterios temáticos ou funcionais e que podería simplificar as buscas e a recuperación de información, non menciona nada sobre a unificación da denominación dos documentos o cal é importante para facilitar a comprensión do contido dos expedientes e fai referencia a “normalización” pero non especifica se esta é adaptable a novos tipos de documentos ou cambios nos procesos.

Evidénciase un esforzo por ordenar os documentos de forma lóxica se ben existen aspectos que se podería mellorar:

- avaliar o estado actual da documentación.
- ampliar o concepto de orde: manter a orde cronolóxica pero permitir outros tipos de clasificación.
- unificar a denominación: establecer criterios claros para a denominación dos documentos a medida que se incorporan aos expedientes.
- implantar mecanismos para garantir o cumprimento dos procedementos e a calidade da documentación.

7.- Nas táboas que se insiren a continuación reflíctense as solicitudes de aclaración e observación realizadas pola Intervención no seu informe provisional, as aclaracións efectuadas pola Tesourería no seu informe de alegacións e engádense unha serie de observacións e/ou recomendacións finais por parte da Intervención clasificado segundo a **categoría de clasificación da baixa**:

<u>Duplicidade</u>	48
<u>Erro material</u>	49
<u>Falta ou erro de datos indispensables</u>	53
<u>Información AEAT</u>	58
<u>Información ayuntamiento/diputación/comarca</u>	62
<u>Información DGT</u>	62
<u>Xerencia territorial do Catastro de Pontevedra</u>	64
<u>Outras causas</u>	70
<u>Recoñecemento beneficio fiscal</u>	71
<u>Resolución ORAL</u>	72
<u>Transmisión do dominio</u>	89



Cómpre salientar que o Informe provisional recolle anotacións a todos os expedientes examinados, si ben non todas elas se corresponden con observacións ou recomendacións, e realmente non requiren de aclaración polo ORAL, nin por conseguinte, resulta precisa a contestación á alegación. Estas cuestións se reflicten na terceira columna da táboa anexa (“Observacións e recomendacións”) como “Sen solicitude de aclaración no informe provisional”.

CONCLUSIÓN DO INFORME DEFINITIVO

De conformidade co disposto no artigo 35 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, o resultado das actuacións de control permanente e de cada unha das auditorías farase constar en informes escritos, nos que os feitos comprobados, as conclusións obtidas e, se é o caso, as actuacións expostas de forma clara, equilibrada e obxectiva, estarán suxeitas a un control claro, obxectivo e equilibrado das actuacións. Así mesmo, sinalaranse as deficiencias que requiran accións correctoras inmediatas, debendo comprobarse a súa implantación en posteriores actuacións de control.

Como sinala o informe provisional, con carácter xeral non se advirte da existencia de incumprimentos en materia da legalidade, sen prexuízo da limitación ao alcance derivada da imposibilidade de verificación ou comprobación de certos fitos ou documentación desde o expediente SIT-GTT, aí como das consideracións en materia de tramitación que se reflectiron no referido informe.

Derivado do análise realizado por esta Intervención e tras a explicacións da Tesouraría no eido do procedemento de control financeiro identificáronse áreas de mellora no procedemento de xestión de baixa de valores do IBI urbano. Estas observacións, detalladas na táboa anexa considerase conveniente que sexan incorporadas, na medida do posible, a todos os expedientes tramitados no ORAL. Cabe destacar que o obxectivo é seguir traballando nesta liña e avanzar na mellora continua dos procesos entre todas as partes involucradas.

o **Observacións en materia de tramitación e procedemento:**

A continuación referimos as principais anomalías ou observacións de carácter xeral que extraemos logo do análise referido:

- En moitos dos casos, as categorías definidas non gardan relación co contido dos expedientes, existindo ademais expedientes da mesma tipoloxía encadrados en diferentes categorías (así, por exemplo, atopamos expedientes de baixa por beneficio fiscal nas categorías de “Recoñecemento bº fiscal” e “Resolución ORAL” ou supostos de NIF inválido nas categorías de “Falta ou erro de datos indispensables” e “Resolución ORAL”).
- Non consta no expediente o rexistro contable da baixa, dilixencia, hipervínculo co programa contable.
- Falta de orde e deficiente categorización da documentación. Non está definido un fluxo procedemental, documentos preceptivos e orde dos mesmos.



- Falta de incorporación, en moitos casos, de documentación relevante no expediente.
- Motivación ou xustificación insuficiente en informes propostas ou resolucións.
- Incumprimento dos requisitos inherentes ao expediente electrónico. Os informes de Intervención levan firma escaneada e respecto dos informes- proposta e Resolucións o sistema non permite validar as sinaturas.
- En moitos dos expedientes non consta a notificación ao interesado¹.

○ **Recomendacións:**

- Revisar categorías ou tipoloxía de expedientes de baixa, así como a nomenclatura utilizada para identificación do motivo da baixa.
- Revisar os expedientes, establecendo uns fluxos de tramitación, con determinación da documentación a incorporar segundo tipoloxía do expediente.
- Categorizar, ordenar e unificar a denominación dos documentos.
- Revisar o contido estandarizado dos informes propostas e resolucións incluíndo a referencia a documentación, reforzar a motivación ou xustificación da aplicación da normativa ao caso concreto, mellorar a claridade expositiva e enfatizar os feitos e fundamentos máis salientables do expediente.
- Incorporar o rexistro contable ao expediente.
- Incorporar a documentación soporte ao expediente ou posibilidade de consulta desde o mesmo.
- Revisar o sistema de sinatura, de xeito que se garantan os requisitos legalmente esixibles no expediente electrónico.
- Establecer mecanismos de control e seguimento para a evitar a dilación excesiva na tramitación dos expedientes.
- A elaboración de regulamentacións ou guías de actuación que permitan procedimentar determinadas tipoloxías de expedientes co obxecto de determinar a documentación e os trámites ou actuacións de carácter preceptivo.
- Sería recomendable regulamentar o procedemento de remisión a AEAT establecendo os requisitos referidos a aspectos como antigüidade da débeda, importe, actuacións a realizar con carácter previo á remisión, acredor (avaliación de aspectos tales como a non declaración de falido/incobrable en expedientes de débedas anteriores, verificación previa da non disolución de entidades concursadas...) ,... con elaboración de informes de seguimento coa periodicidade que se determine a efectos de avaliación da eficiencia en función de aspectos tales volume de débeda remitida, recadada, incobrable...
- Impulsar e favorecer un funcionamento coordinado entre os diferentes servizos do ORAL, de xeito que se promova o aproveitamento de sinerxias, traballo coordinado, recursos compartidos así como un feed back continuo entre os mesmos, con especial referencia a procedementos de depuración de datos, deficiencias do xestor, valoración das implicacións contables, así como unha análise da eficiencia e avaliación das propostas de actuación dunha área sobre o resto de servizos do ORAL.

¹ Consultada a "Relación de documentación asociada ao expediente de xestión".



- No que atinxe as deficiencias do programa de xestión recoméndase manter un canle de comunicación para dar traslado ao servizo que corresponda a efectos de tramitar as incidencias coa provedora de software (varias aclaracións do documento de alegacións refiren incidencias no funcionamento do software sen facer constar se se deu traslado ao servizo do ORAL encargado da xestión das mesmas, así como, no seu caso, do estado ou grao de avance na resolución por parte da entidade provedora). Recoméndase que as propostas de mellora sexan revisadas de xeito conxunto polo servizo proponente, o servizo encargado da xestión e potenciais servizos afectados a efectos de propoñer una solución consensuada e avaliada de xeito global, así como establecer a prelación na resolución das mesmas.
- Nos supostos nos que a normativa e xurisprudencia aplicable o permita, recoméndase proceder do xeito menos gravoso para os intereses públicos, polo que nos supostos de devolución e o cálculo dos xuros entendemos que debería referirse ao exceso de cota satisfeito polo contribuínte.
- Recoméndase repercutir os xuros que non obedecen a un erro ou xestión incorrecta, senón a circunstancias sobrevidas e inherentes a xestión catastral, aos concellos xestionados.
- Recoméndase valorar a posibilidade de establecer formulas colaborativas cos concellos para a finalidade de depuración dos padróns.
- Recoméndase completar a información incorporada aos expedientes (mediante incorporación directa da mesma, hipervínculos, ou expedientes relacionados accesibles desde o expediente de xestión) relativa a, entre outros, aos seguintes aspectos:
 - o os traballos de depuración de NIFs levados a cabo no ORAL.
 - o a sistemática empregada para efectuar os cruces do dato NIF coa AEAT.
 - o o procedemento levado a cabo para a obtención dos datos necesarios para a correcta liquidación de débedas non prescritas.
 - o documentación (incorporada de xeito directo ou en dilixencia detallada do xefe de servizo) das actuacións levadas a cabo nos supostos de herdanzas.

Sen prexuízo destas observacións de carácter xeral, incorpóranse ao Anexo as observacións por categoría co detalle referente aos valores incluídos na mostra.

DESTINATARIOS DO INFORME

De conformidade co disposto no artigo 36 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno das entidades do sector público local, os informes finais de control financeiro serán remitidos polo órgano fiscalizador ao xestor directo da actividade económico-financeira controlada e ao Presidente da Entidade Local, así como, a través de este último, ao Pleno para o seu coñecemento. A análise do informe constituirá un punto independente na orde do día do pleno correspondente.

ANEXO

Duplicidade



1	20203936017IU10L000092 e 20203936017IU10L000093 (Consultado o "número fixo" non constan no expediente liquidacións posteriores asociadas ao mesmo inmovible. Houbo un cambio de referencia catastral?)	A referencia catastral 1758404NH4215N0001KQ foi dada de baixa con data de efectos 24/01/2019 pola tramitación do expediente catastral 383460.36/20 (agrupación de parcelas).	- Si ben existen ferramentas internas que permiten a obtención da formación, a mesma non resulta accesible desde o expediente.
	20203936019IU01L000014 e 20203936019IU01L000012 (Interesa coñecer se as liquidacións anuladas por erro imputable ao Concello inclúense nas liquidacións da taxa de xestión ao Concello delegante.)	Aínda que se trata de baixas tramitadas polo Servizo de Xestión Catastral e Tributaria do IBI, a cuestión plantexada deberá ser trasladada ao Servizo de Contabilidade e Xestión Orzamentaria, dependente da propia Intervención.	- Sen prexuízo do traslado da consulta ao persoal encargado da Contabilidade, non se entende que esta cuestión sexa descoñecida pola Tesouraría. Os órganos encargados da xestión do ORAL deberían ser coñecedores de dita circunstancia, e subscribir a proposta de liquidación ás entidades delegantes, sen prexuízo da fiscalización da proposta pola Intervención (contabilidade).
	20203936034IU06L000022 20203936034IU06L000016 • Solicitud: 16/12/2020. • Informe proposta: 23/02/2021. • Resolución estimatoria: 25/02/2021 • Notificación (envío): 3/03/2021. Se anulan por duplicidade as liquidacións correspondentes aos exercicios 2017 e 2018. Así mesmo, se acorda o cambio do contribuínte (Herdeiros de ...) a nome do recorrente con efectos na xestión e pagamento do IBI desde o 2021. Consultado o número fixo verifícase rexistro do cambio do contribuínte e suxeito pasivo.	Existe un recurso xurídico ante Catastro (274643.36/2019) que regulariza a titularidade tras un erro na tramitación do anterior expediente catastral con efectos xurídicos (22875.36/19).	- Sen solicitude de aclaración no informe provisional.
	20203936019IU01L000014 20203936019IU01L000012 • Solicitud: 27/11/2020. • Informe Concello: 18/02/2021 • Informe proposta: 23/02/2021. • Resolución estimatoria: 25/02/2021 • Notificación (envío): 3/03/2021. Os fundamentos de dereito incorporados ao Informe-proposta non se corresponden cun suposto de anulación por duplicidade. Consta no expediente informe do Concello de que os recibos obxecto do recurso (en vía da prema polo ORAL) foron ingresados no Concello. Se trata das liquidacións dos anos 2018 e 2019 (anteriores a delegación da xestión e recadación do IBI en voluntaria no ORAL). Entendemos que a duplicidade vén xenerada polo erro nos datos facilitados polo Concello. Cómpre solicitar aclaración da liquidación da taxa de xestión por estes valores.	Sen prexuízo de ser máis específicos e/o aclaratorios nos fundamentos de dereito, nos antecedentes recollidos no informe -proposta figura de xeito inequívoco que se trata dunha duplicidade. Aínda que se trata de baixas tramitadas polo Servizo de Xestión Catastral e Tributaria do IBI, a cuestión relativa a liquidación da Taxa deberá ser trasladada ao Servizo de Contabilidade e Xestión Orzamentaria dependente da propia Intervención.	- Recoméndase mellorar redacción e contido e incorporar fundamentación xurídica para supostos de anulación por duplicidade. - Sen prexuízo do traslado da consulta ao persoal encargado da Contabilidade, non se entende que esta cuestión sexa descoñecida pola Tesouraría. Os órganos encargados da xestión do ORAL deberían ser coñecedores de dita circunstancia, e subscribir a proposta de liquidación ás entidades delegantes, sen prexuízo da fiscalización da proposta pola Intervención (contabilidade).

Erro material

A segunda das categorías se corresponde con valores dados de baixa por "erro material". Existen un total de 9 valores dados de baixa no exercicio 2021 por este motivo. Incluíronse a totalidade dos valores no control. Respecto dos mesmos compróbase que consta no expediente a seguinte documentación: - Solicitud de baixa presentada polo interesado – (suxeito pasivo ou contribuínte), ou documento de inicio de oficio polo ORAL. - Informe do Xefe de servizo (Xefe de xestión catastral) informando do erro material. - Resolución de baixa. - Notificación. Como observacións aos expedientes revisados, cómpre referir: - Categorización incorrecta. Os expedientes revisados non se corresponden con supostos de erro material. - A motivación/xustificación incorporada ao Informe - proposta e Resolución considerase en moitos casos escasa ou insuficiente. - Supostos de dilación excesiva na tramitación 20163936032IU05L000010 e 20163936032IU05L000009 Cómpre solicitar aclaración respecto da tramitación de expedientes nos que o titular acreditado mediante outros medios non se corresponde co titular catastral e a súa incidencia	A demora na tramitación prodúcese pola precariedade no persoal asignado, cunha elevada rotación e baixas sen cobertura, que ven padecendo e segue a padecer o Servizo de Recadación. Nos últimos cinco anos, pasaron polo posto de derivación por afección e hipoteca legal tácita sete persoas, as que foi preciso formar e supervisar. En canto a aclaración solicitada, tras a notificación do requirimento, a interesada presentou un escrito de alegacións no que manifestaba que adquirira no ano 2010 este inmovible xunto co seu esposo. Dedúcese que dita adquisición non tivo o seu reflexo no Catastro, xa que as liquidacións posteriores, incluídas as dos anos 2014 e 2015 seguiron emitíndose a nome da anterior titular. Posteriormente, a esposa adquiriu o 50% que inicialmente correspondía ao seu esposo, por sentenza de divorcio desde 13/4/2015. Coas alegacións non achega documentación xustificativa. Desde o Servizo de Recadación solicitouse á Notaría copia da escritura de compra do ben inmovible, con base ao cal no ciclo de resolución propónse a baixa das liquidacións por un defecto de nulidade na súa emisión ao non ter correctos os datos do suxeito pasivo. Consta na resolución o seguinte parágrafo: "(...) Resultando que, con data de entrada no rexistro de esta Deputación de 24 de Marzo do 2021 consta a presentación dun escrito de alegacións formulado pola interesada, no que manifesta, en síntese, a ausencia da condición de propietaria da entidade Promociones	- A Tesouraría xustifica a demora na precariedade do persoal. - Respecto da aclaración solicitada "tramitación de expedientes nos que o titular acreditado mediante outros medios non se corresponde co titular catastral e a súa incidencia na hipoteca legal tácita" non se recolle explicación xeral ao suposto habilitado, referindo como se resolve o suposto en concreto citado textualmente os parágrafos da propia resolución. Bótase en falta unha explicación sucinta respecto dos medios acreditativos da titularidade e da prevalenza ou non fronte a titularidade catastral.
---	--	---

² Informe provisional dos resultados de control financeiro

³ Informe de Tesouraría

⁴ Informe provisional dos resultados de control financeiro

⁵ Informe de Tesouraría



na hipoteca legal táctica.	Souto Fontenla S.L. obrigada principal para os exercicios descritos, polo que solicita a anulación do procedemento. Con base a dita pretensión, comprobada a escritura pública de compravenda, autorizada pola notario D. JOSE MARÍA GRAIÑO ORDOÍEZ de data 10 de Setembro do 2010, mediante a que se efectúa a transmisión do ben inmoble e na que se fai constar que "(...) Promociones Souto Fontenla S.L. venden y transmiten a Dª Raquel Bugallo Senra y D. José Varela Pardo que compran y adquieren con carácter ganancial el pleno dominio de la finca (...)". Considerando o disposto no artigo 61 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais establece que "constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais: a) dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles (...); b) dun dereito real de superficie; c) dun dereito real de usufruto; d) do dereito de propiedade (...)" (...) No presente suposto, unha vez se comproba que os obrigados principais para os anos descritos son Dª Raquel Bugallo Senra e D. José Varela Pardo, procede admitir como proba en contra a información contida na escritura relativa ó título previo ó basearse nunha manifestación da parte transmitente do ben inmoble, acreditándose de xeito fiable diante do fedatario a manifestación formulada. Polo anteriormente exposto, esta Tesourería ACORDA estimar as alegacións formuladas, respecto da débeda correspondente ó IBI dos períodos impositivos 2014 e 2015, debendo procederse a finalización do procedemento establecido (...)" Polo tanto, enténdese, que o motivo de baixa, categoría e documentación necesaria / precisa e a correcta / suficiente para a tramitación do expediente correspondente	
20213936029IU01R009913 • Solicitude: 29/06/2021. • Informe proposta: 13/08/2021. • Resolución estimatoria: 17/08/2021 • Notificación (envío): 18/08/2021. - Categoría: O expediente non se corresponden con baixa por erro material, xa que os se trata dun suposto de solicitude de división da cota tributaria entre cotitulares. - Tramitación e documentos: O artigo 32 da OXS establece como regra xeral a domiciliación do pagamento das cotas individuais resultantes, "salvo resolución expresa do ORAL, pola que discrecionalmente se dispense deste requisito". Non se realiza a domiciliación, e a dispensa deste requisito non se autoriza de xeito expreso na resolución. Por regra xeral, e por razóns de economía e eficiencia na xestión consideramos que a opción preferente debe ser a domiciliación. A solicitude non é presentada por ningún dos cotitulares. Segundo resulta da documentación obrante no expediente os dous titulares son Xulio e Alexandre (Resolución de alteración titularidade catastral do 3/12/2020 a favor de Xulio Ríos Paredes e Alexandre Ríos Entenza). A solicitude de división en dúas cotas é presentada por Xosé Lois o 29/07/2021 (non titular actual do recibo, pai de Alexandre, maior de idade nacido no 1984) sen acreditación da representación. A Resolución notificase a Xulio e Xose Lois (sen que se acredite a representación de Alexandre por Xose Lois) Respecto do informe-proposta considérase escasa a motivación - xustificación: "Con relación ó escrito presentado en data 29/06/2021, por RÍOS PAREDES XOSE LOIS con NIF 35274994D no que solicita a división da débeda tributaria correspondente ó Imposto sobre Bens Inmobles (IBI) a partir do exercicio en curso dos bens inmobles detallados, comunicámoslle o seguinte: O artigo 32 da Ordenanza Fiscal Xeral do ORAL, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 30 de abril de 2013 recolle entre outros aspectos: "1. O ORAL emitirá os recibos e as liquidacións tributarias a nome do titular do dereito constitutivo do feito imponible.	Neste caso, trátase dun posible erro do operador na tramitación, estando con posterioridade emendada a domiciliación bancaria. Na documentación do expediente vinculado, figura a solicitude (asinada polos dous cotitulares) de compensación do importe do valor sinalado. En canto a documentación / información acreditativa das porcentaxes da cotitularidade (aínda que non se reflicten de xeito expreso na resolución, os interesados xa coñecen as mesmas ao solicitar a división do recibo), figuran (e poden consultarse directamente) na información do obxecto tributario no aplicativo de xestión.	- Recoméndase reforzar a valoración e motivación das solicitudes de división de débeda, prestando especial atención a documentación que acredite a cotitularidade e xustificar a división consonte a normativa. É fundamental clarificar a condición de suxeito pasivo do solicitante e asegurar que a documentación achegada sexa suficiente para respaldar a petición. - Recoméndase incorporar a documentación xustificativa de aspectos relevantes para a resolución dos expedientes. - Con carácter xeral recoméndase a revisión da categorización dos expedientes, homoxeneización dos trámites e documentos.



2. Non obstante, cando un ben inmoble ou dereito pertenza a dous ou máis titulares poderase solicitar a división da cota tributaria, sendo indispensable achegar os datos persoais e os domicilios do resto dos obrigados ó pagamento [...]" "Unicamente está prevista a división da cota tributaria nos tributos locais que graven a titularidade de bens inmobles ou dereitos reais sobre estes; é dicir, no Imposto sobre Bens Inmobles (IBI). [...]" Se algunha das cotas resulta impagada esixírase o pagamento da débeda a calquera dos cotitulares, responsables solidarios en virtude do artigo 35.6 da LXT." Polo anteriormente exposto, procede ESTIMAR a solicitude, tramitándose a división da débeda tributaria segundo a porcentaxe de propiedade de cada un dos titulares catastrais a partir do exercicio en curso. Infórmaselle que, calquera modificación que se produza tanto nos datos xurídicos ou físicos do ben inmoble como nos datos fiscais dos diferentes cotitulares anulará a división, debendo presentarse unha nova solicitude no caso de querer que siga dividida a xestión da débeda. Proceder á anulación da/s seguinte/s liquidación/s: (...) Proceder á aprobación da/s seguinte/s liquidación/s: (...)" Bótase en falta a incorporación de máis datos e información do expediente no informe proposta e resolución: - Non se valora ou motiva a concorrencia dos requisitos para a división da débeda (unicamente se refire á solicitude e a normativa regulamentaria aplicable) Indicar por exemplo, que de conformidade coa documentación catastral existe unha cotitularidade sobre inmobles, correspondente a D/dona..... e D/dona..... nas porcentaxes do e - Non resulta claro se o solicitante é ou non suxeito pasivo. Clarificar estas cuestións no Informe proposto. Salvo acreditación da representación, o suxeito pasivo debe ser o peticionario. - Referir que os suxeitos pasivos resultantes solicitan ou teñen autorizada a domiciliación das cotas resultantes. - Referir (e incorporar ao expediente) a documentación que testemuña a cotitularidade e xustificar á procedencia da división de acordo con dita documentación.		
20213936034IU01R000645 20213936034IU01R003366 • Solicitude: 29/07/2020 • Notificación requirimento documentación: 16/07/2021 • Informe proposta: 16/08/2021. • Resolución 17/08/2021 • Notificación: 18/08/2021 (unicamente ao solicitante) - Categoría: O expediente non se corresponde con baixa por erro material, xa que os se trata dun suposto de solicitude de división da cota tributaria entre cotitulares. Apréciase unha dilación excesiva na tramitación: 1 ano desde a solicitude ata o primeiro requirimento da documentación. - Tramitación e documentos: Considérase escasa a motivación/xustificación do informe proposto, así como da documentación acreditativa. O informe – proposta debería valorar a concorrencia dos requisitos para a división da débeda aplicado ao caso en particular así como a suficiencia da documentación achegada. (Consta como única documentación copia de dous follas	A catalogación do motivo da baixa como "erro material" supón a confirmación de que o valor non debeu emitirse se o expediente fose resolto en tempo e forma. A categoría erro material, utilízase de xeito xeneralizado para todos aqueles supostos de baixas por liquidacións erróneas derivadas de procesos internos, que non poden polo tanto ser esixidas. A tramitación do expediente deriva da información catastral do inmoble na que se especifica sobradamente a estrutura de titularidade, porcentaxes e demais datos que son requiridos no artigo 35 da LXT. Estímase suficiente a motivación do informe - proposta na resolución estimatoria deste tipo de solicitudes.	- Recoméndase establecer unha <u>categoría específica</u> para estes casos. - Recoméndase <u>incorporar ao expediente a información catastral</u> a que se fai referencia, incluíndoa no informe-proposta como motivación valorando a concorrencia dos requisitos para a división da débeda. - recoméndase <u>revisar os modelos de informe/resolución</u> co obxectivo de mellorar a claridade expositiva e enfatizar os feitos e fundamentos máis salientables do expediente.



dunha escritura, na que relaciona os fillos, e a segunda na que di que ademais dos legados pertinentes, institúe como herdeiros por partes iguais no restante. ¿Cómo sabemos que as fincas en cuestión inclúense nesa herdanza a partes iguais e non nos legados correspondentes?).		
Apréciase unha dilación excesiva na tramitación: 1 ano desde a solicitude ata o primeiro requirimento da documentación.	A dilación na tramitación do expediente obedece por unha parte os erros de emisión dos requirimentos efectuados en datas 29/07/2020 e 05/10/2020 e fundamentalmente ao volume de traballo xeral do Servizo.	- Recoméndase establecer <u>mecanismos para o control da dilación na tramitación dos expedientes</u> sen prexuízo das cuestións organizativas concretas de cada Servizo.
20213936024IU01R021327 • Solicitude: 26/08/2021 • Informe proposta: 5/10/2021. • Resolución 6/10/2021 • Notificación: Non consta. - Categoría: A categorización é incorrecta en tanto que se corresponde cun suposto de anulación da liquidación por confusión de debedor e acredor (recibo emitido a nome do Concello de Lalín). - Tramitación e documentos: Insuficiencia da motivación/xustificación do informe – proposta. Se trata da cota correspondente a unha porcentaxe de participación do Concello nun ben inmueble. O informe proposta refire no fundamento terceiro os supostos de non suxeición (que entendemos que non é aplicable a este suposto) e no fundamento cuarto refire os supostos de extinción da débeda tributaria e a figura da confusión de dereitos. Non se entende a inclusión conxunta destes dous apartados (se é suposto de non suxeición, se aplica a confusión e se aplicamos a confusión é por que non estamos ante un suposto de non suxeición ou de exención). Ademais de incluír a motivación, recoméndase revisar o texto estandarizado así como a estrutura. Así por exemplo nos antecedentes non se cita a data de presentación do “recurso”. Non consta a notificación.	Estímase que o informe proposta é aceptado para o suposto plantexado por canto que o escrito do Tesoureiro Municipal fai mención ao suposto de non suxeición (non valorable no presente caso, por canto que a non suxeición debe referirse sempre a un inmueble na súa totalidade e non a unha cota participada do mesmo) e que é a confusión de dereitos o suposto máis aceptado para a xustificación da baixa do valor. Omitese a notificación do expediente ao tratarse dun expediente iniciado pola comunicación vía correo electrónico da Tesourería Municipal. Non existe un motivo de baixa por confusión estimándose o motivo “erro material” o máis aceptado para este suposto, tendo en conta, que o valor non debería haberse emitido (ao ser coincidente debedor / acredor).	- Recoméndase establecer unha <u>categoría específica</u> para estes casos. - Recoméndase <u>revisar os modelos de informe/resolución</u> co obxectivo de mellorar a claridade expositiva e enfatizar os feitos e fundamentos máis salientables do expediente.
20163936032IU05L000010 20163936032IU05L000009 • Solicitude: 04/05/2020 • Informe proposta: 16/09/2021. • Resolución 23/09/2021 • Notificación: Non consta. - Categoría: Non se corresponde cun suposto de erro material. Se trata dun “Cambio de titularidade” que resulta dunha documentación achegada polos terceiros. - Tramitación e documentos: Respecto da tramitación advertimos da dilación excesiva na tramitación, non constando no expediente a notificación. Incorrecta orde da documentación. - Aspectos pendentes de aclaración A interesada, que figura como titular catastral a partir do 13/04/2015, solicita a anulación do procedemento de prema (IBI 2014 e 2015), xirada a nome da entidade PROMOCIONES SOUTO FONTELA (titular catastral ata a referida data) achegado unha escritura notarial que acredita unha transmisión anterior ao o seu favor máis outro cotitular desde o 2010. Cómpre solicitar aclaración respecto da tramitación deste tipo de expedientes nos que o titular acreditado mediante outros medios non se corresponde co titular catastral e a súa incidencia na hipoteca legal tácita.		- Recoméndase incorporar documentación xustificativa de aspectos relevantes para a resolución do expedientes. - Recoméndase establecer a orde cronolóxica dos documentos que conforman o expediente administrativo. - Recoméndase establecer <u>mecanismos para o control da dilación na tramitación dos expedientes</u> sen prexuízo das cuestións organizativas concretas de cada Servizo.
20173936058IU09L000295 20173936058IU09L001243 • Solicitude: 27/11/2020 • Informe proposta: 01/10/2021. • Resolución: 01/10/2021 • Notificación: 5/10/2021 - Categoría Non é un suposto de erro material. Se trata dun “Cambio de titularidade” que resulta dunha documentación achegada polos terceiros, coa particularidade de que, no caso que nos ocupa, se trata dun valor do que se ten constancia do falecemento da titular e se viña tramitando como “Herdeiros de ...”. Cómpre coñecer e avaliar o procedemento que se segue en materia de herdanzas.	O expediente da baixa xurde da derivación de débedas por hipoteca legal tácita, que na fase de alegacións, afora documentación que pon de manifesto o erro na liquidación practicada. Acredita que os datos da Xerencia do Catastro son erróneos como consecuencia da falta de comunicación por parte dos obrigados. En canto a dilación na tramitación, debe insistirse no anteriormente sinalado, sobre a situación de precariedade do persoal adscrito ao servizo. Non obstante, non ocasionou perda nin prexuízo para a administración nin para a interesada. O recibo de 2016 do inmueble referido está liquidado mediante o identificador 20173936058IU09L001462 que nunca estivo en situación de baixa e actualmente consta como cobrado dentro dun procedemento de hipoteca legal. Entendemos que foi unha confusión con	-Recoméndase establecer <u>mecanismos para o control da dilación na tramitación dos expedientes</u> sen prexuízo das cuestións organizativas concretas de cada Servizo.



- Tramitación: Apréciase unha dilación excesiva na tramitación, considerando o tempo transcorrido desde o rexistro da solicitude ata a data de sinatura do informe – proposta. Incorrecta orde da documentación. Cómpre establecer unha numeración correlativa da documentación, así como a identificación na denominación de documentos coa categoría “antecedentes” (documentación previa á solicitude ou reclamación do interesado que motiva a apertura do expediente de xestión que se está a revisar). - Recibos posteriores. Os recibos 2017 e posteriores constan como cobrados. Respecto do recibo de 2016 consta a baixa sen que figure no expediente de xestión asociado a dito valor a documentación correspondente á tramitación dun expediente de baixa.	outro valor observado.	
20213936051IU01R021677 - Solicitude: 9/11/2021 - Informe proposta: 18/11/2021. - Resolución: 24/11/2021 - Notificación: 2/12/2021 Escrito presentado polo Tesoureiro do Concello de Sanxenxo no que sinala que “Foi emitido por ese organismo o recibo de IBI 2021 pola titularidade deste Concello do 26,97% do inmovible de ref. cat. 9341801NG1944S0001RI (n° fixo 10764820). Mediante a presente solicítase que quede sen efecto o cobro do mesmo ao coinciden o titular do imposto co suxeito pasivo do mesmo.” - Categoría Se considera incorrecta a tipoloxía de clasificación, xa que non se trata dun erro material.	Non existe un motivo de baixa por confusión estimándose o motivo “erro material” o máis axeitado para este suposto, tendo en conta, que o valor non debiera terse sido emitido (ao ser coincidente debedor / acredor).	- Recoméndase establecer unha <u>categoría específica</u> para estes casos.

Falta ou erro de datos indispensables

Cualificación: Baixo esta categorización “Falta ou erro de datos indispensables” se agrupan supostos correspondentes a: - Entidades liquidadas. - Persoas ou entidade con NIF non válido - Supostos de heranzas sen representante identificado (“Herdeiros de ...”). que tamén atopamos noutras das categorías revisadas como “Resolución ORAL”. Existen valores que pola antigüidade do valor poderíanse corresponder con baixas por prescrición (20053936005IU01R032745, 20133936059IU01R002078 ou 20133936017IU01R000360). Valores que se dan de baixa por NIF non válido, por erro de consolidación suxeito pasivo e contribuínte (Id valor: 20153936035IU01R001305) Observacións: - Os expedientes constan unicamente dun informe proposta xenérico que refire a totalidade da remesa, o informe de Intervención e da Resolución. Si ben hai supostos de baixa sen informe de Intervención. - Incorporárase tamén unha notificación ao servizo de recadación, enténdendose que non debería configurarse propiamente como “notificación” senón comunicación ou traslado a un servizo desta mesma entidade. - A ordenación da documentación non é correcta. - Importante dilación na fiscalización dos expedientes. - A falta de acceso ou consulta desde o expediente de certa documentación limita o alcance da revisión, así por exemplo: o Para o suposto de entidades disoltas non resulta posible consultar no expediente o Auto de liquidación. o Nos supostos de bens inmovibles con cambio de referencia catastral non resulta posible coñecer desde o expediente ou desde o sistema GTT a nova referencia catastral asociada ao mesmo ben inmovible.	Cabe sinalar as observacións seguintes: O motivo de baixa “Resolución ORAL” foi empregada no pasado, actualmente deixou de empregarse para permitir unha mellor identificación do motivo da baixa. Respecto da incidencia consistente en que “existen valores que pola antigüidade do valor poderíanse corresponder con baixas por prescrición (20053936005IU01R032745, 20133936059IU01R002078 ou 20133936017IU01R000360)”. Entendemos que nestes supostos non corresponde a baixa dos devanditos valores por prescrición (non pode prescribir o dereito a cobrar dunha liquidación que nunca foi exíxible) en concreto: O Valor 20053936005IU01R032745 figura no sistema liquidado ao contribuínte 01327783Q D. S. CARLOS. Consultado dito NIF coa Axencia tributaria o verdadeiro titular é P. De L. María. Polo tanto, acredítase que dita liquidación non é, nin nunca foi, correcta. Non é posible que se alcanzase a prescrición do dereito ao cobro de algo que nunca foi exíxible ao existir un erro na atribución do NIF ou filiación. O valor 20133936059IU01R002078 ten similar explicación. O valor 20133936017IU01R000360 corresponde a liquidación do IBI de 2013, cando a empresa xa estaba extinta con data anterior a 01/01/2013. A liquidación non era válida, pois non consta no auto de extinción a xustificación da permanencia de bens a nome da sociedade. A Xerencia do Catastro non levou a cabo as competencias de inspección das que dispón de forma exclusiva para investigar a titularidade real da propiedade. Respecto das observacións xenéricas feitas neste apartado: Os expedientes por esta tipoloxía de baixa son por definición xenéricos, pois os valores agrúpanse para a unha xestión eficiente por tipoloxía. Non se aprecia incorrección algunha en empregar informes xenéricos para a mesma tipoloxía de baixa. Mais ben o contrario, resultaría ineficiente outro tipo de xestión tendo en conta o volume de valores que se xestionan. Sínálase, que a ordenación da documentación non é	- Recoméndase establecer unha <u>categoría específica</u> para estes casos. - Recoméndase establecer a orde cronolóxica dos documentos que conforman o expediente administrativo - Recoméndase empregar o termo dilixencia para o traslado ao Servizo e Recadación. - Recomendase incorporar documentación xustificativa de aspectos relevantes para a resolución dos expedientes tales como os autos de conclusión de procedemento concursal e extinción así como da correlación de referencia catastrais cando son alteradas pola Xerencia do Catastro. - Recoméndase a elaboración dunha normativa ou protocolo de actuación para estes supostos, con delimitación de tipoloxías, requisitos e condicionantes, documentación e tramitación diferenciada. A tramitación actual (segundo resulta da consulta do expediente) non permite determinar a concorrencia das
--	---	---

⁶ Informe provisional dos resultados de control financeiro

⁷ Informe de Tesourería



Para coñecer a nova referencia é necesario consultar unha carpeta externa coa equivalencia. - Respecto da baixa por falta de datos indispensables correspondente coas entidades liquidadas, cómpre cuestionar a anulación das anualidades non prescritas pola posibilidade admitida por boa parte da doutrina e pronunciamentos xurisprudenciais, respecto da continuidade da personalidade xurídica da entidade extinguida (neste sentido ver consultas “Hacienda Local” e “Cosital network”). Cómpre salientar que a anulación dos valores impide afectar o inmovible ao pagamento destas débedas no suposto de transmisión e, por conseguinte a súa existencia aos novos titulares.	correcta, pero nin se sinala cal é dita incorrección nin a normativa incumplida. A formulación do expediente está parametrizado no aplicativo e ordena por orde lóxico a tramitación do expediente. Dito orde e mantido no tempo e igual ao existente nos expedientes que son obxecto de fiscalización previa sen que teña sido advertida incorrección algunha por este motivo. Non pode ser acollida a limitación sinalada de acceso a documentación, en concreto: o Resulta posible, sendo dispoñible o acceso ao Auto de conclusión do procedemento concursal e extinción da sociedade. Dita información, figura no expediente concursal do contribuínte. O acceso resulta sinxelo e intuitivo a través da información integral da persoa. o Tal e como sinala o propio informe, e posible o acceso a través de ficheiros externos de correlación de referencias catastrais cando son alteradas pola Xerencia de Catastro, polo que non pode ser sinalado como falta de acceso. Respecto do cuestionamento das baixas por falta de datos indispensables de sociedades, compre clarificar conceptos: o As baixas de valores fanse unha vez que as entidades son declaradas extintas no marco do procedemento concursal seguido en vía xudicial. Non se propoñen as baixas por erros de liquidación no momento da liquidación. o Dentro do procedemento concursal, e unha vez constatada a inviabilidade económica da empresa, iníciase a fase de liquidación. Esta fase do procedemento está dirixida a materializar todos os bens e dereitos para satisfacer as débedas existentes ou parte delas. o É unha situación excepcional e anómala, que no seno do procedemento concursal queden bens a disposición dunha sociedade extinta; pola propia paradoxa e pola perda económica que implica a falta de materialización para os acredores. Esta situación, so foi apreciada nos supostos nos que existe unha carga hipotecaria sobre o ben, superior ao prezo de mercado. Nesta situación, a entidade hipotecante pode carecer de vontade de executar a hipoteca e o administrador concursal non penaliza ao resto de acredores. Esta situación anómala e excepcional, a de pervivencia de bens a nome de sociedades extintas, é obxecto de explicación nos acordos de auto de conclusión. Por elo, resulta necesario distinguir entre os procedementos concursais con extinción da sociedade e permanencia de bens por causas excepcionais (que son xestionados polo servizo xurídico e clasificando en lote 3920-5 ditas sociedades) das sociedades extintas nas que sendo adxudicados os bens da sociedade a Xerencia Territorial do Catastro non reflicte o novo titular (lotes 3920-3 e 4). o As baixas por erro na liquidación, serán aquelas que tendo data de devindicación posterior a data de auto de extinción non teñan mantido bens a nome das sociedades. Serán bens que deberían estar a nome de terceiros sobre os que a Xerencia de Catastro non realizou investigación frutuosa. o As sociedades extintas con bens, si serán obxecto de liquidación e por tanto sería posible realizar afección sobre ditos valores. Os valores desta tipoloxía danse de baixa transcorrido 4,5 anos, precisamente para evitar a perda por posible afección. Non resulta posible derivar por afección aquilo que foi incorrectamente liquidado ao ter un novo titular do inmovible a data de devindicación. Por definición, as sociedades mercantís extinguidas, aparte do disposto nos procedementos concursais carecen de patrimonio. Para rexistrar unha sociedade como extinguida se esixe a liquidación previa do seu patrimonio conforme ao disposto no Real Decreto Lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades de Capital. Cómpre salientar que a anulación dos valores impide afectar o inmovible ao pagamento destas débedas no suposto de transmisión e, por conseguinte a súa existencia aos novos titulares. A anulación dun valor sempre é consecuencia dun erro na liquidación. Polo tanto, un valor anulado nunca pode ser nin exixido ao debedor principal nin pode ser derivado. En relación a incidencia: Respecto de suxeitos con NIF non válido atopamos varios supostos nos que non se corrixe o NIF e non se xiran liquidacións posteriores á correspondente ao ano 2020. Cómpre aclarar que actuacións de investigación se están a levar a cabo, pola	circunstancias referidas na “aclaración” nin motiva as consecuencias da mesma. - Compre incorporar información relativa aos traballos de depuración de NIFs levados a cabo no ORAL. - Cómpre coñecer o procedemento levado a cabo para a obtención dos datos necesarios para a correcta liquidación de débedas non prescritas e no seu caso recoméndase establecer o procedemento a levar a cabo na fase que corresponda. - Recoméndase establecer <u>mecanismos para o control da dilación na tramitación dos expedientes</u> sen prexuízo das cuestións organizativas concretas de cada Servizo.
--	--	--



Cuestións para as que se solicita informe explicativo ou aclaración: - Respecto de suxeitos con NIF non válido atopamos varios supostos nos que non se corrixe o NIF e non se xiran liquidacións posteriores á correspondente ao ano 2020. Cómpre aclarar que actuacións de investigación se están a levar a cabo, pola inxustiza tributaria que supón a exclusión sistemática destes valores dos padróns. En concellos pequenos poderíase buscar fórmulas colaborativas cos Concellos, o coñecemento que se ten da veciñanza podería facilitar completar estes datos (a efectos de incentivar esta colaboración poderíase valorar a aplicación de bonificacións na taxa, por exemplo), cruce cos datos correspondentes a taxas asociadas ao mesmo ben inmovible, ou contratación externa. - En moitos dos casos transcorren moitos anos desde a data de alteración xurídica ata a gravación (de acordo coa gravación nos padróns remitidos por catastro). Cómpre valorar o emprego de mecanismos que permitan ter constancia anterior da transmisión respecto das entidades declaradas en concurso e/ou liquidación.	inxustiza tributaria que supón a exclusión sistemática destes valores dos padróns. Dende o ano 2010, realizáronse actuacións de revisións / comprobación para a depuración / corrección da titularidade dos obxectos tributarios correspondentes en diversos padróns de taxas das entidades locais; e desde o ano 2019 estas competencias foron asignadas a Dirección de Xestión dos Servizos do ORAL, polo que non pode facilitarse máis información do estado das actuacións en curso durante os anos analizados. A confección dos Padróns do IBI corresponde a Xerencia Territorial do Catastro sen prexuízo da colaboración que se ven facendo dende o Servizo de Xestión Catastral e Tributaria do IBI. Neste sentido, activáronse sistemas de intercambio de datos co INE, AEAT, Rexistro do Notariado (Ancert) etc. a través dos cales, tamén se corríxen os datos fiscais dos contribuíntes. Respecto de que en moitos casos transcorren anos desde a data de alteración xurídica ata a gravación, a mesma no seu caso derivase da tardanza nas comunicacións / declaracións correspondentes. En canto a observación da importante dilación na fiscalización dos expedientes, cumpre a súa contestación ao propio Servizo da redactora do informe.	
Consideracións previas: Con carácter xeral se trata de valores agrupados por remesas. Exemplo Baixa dos 1.667 valores que conforman a remesa 33582, por importe de 224.549,88€ por carecer dos datos fundamentais para practicar liquidación tributaria, toda vez que as sociedades que figuran como obrigadas tributarias foron extinguidas por Auto dos Xulgados do Mercantil con anterioridade a devindicación dos valores que conforman este expediente.” Estes expedientes incorporan informe de fiscalización. 20203936009IU01R003136 Documentación: • Non resulta posible consultar no expediente o Auto de liquidación. □ O expediente consta unicamente dun informe proposta xenérico que refire a totalidade da remesa, o informe de Intervención e da Resolución. • Notificación ao servizo de recadación. • A ordenación da documentación non é correcta. O expediente consultado se corresponde co IBI 2020. No histórico figura a baixa por declaración de falido dos IBI anteriores (2015 a 2019) e posteriores (2021), situación de proposta de baixa executiva respecto ao 2022 e pendente de cobro en voluntaria no 2023 (con liquidación a un novo titular). 20193936009IU01R007993 20193936009IU01R007993 20183936009IU01R010243 20173936009IU01R006459 20163936009IU01R006319 20153936009IU01R006869 20153936009IU06L000048	Respecto dos valores anteriores compre sinalar: O auto de conclusión figura correctamente arquivado no expediente concursal, acreditable e accesible no expediente asociado ao contribuínte. o O expediente consta unicamente dos informes e trámites pertinentes, sen que falten trámites ou requisitos legal ou regulamentarios estíbeles. o A ordenación da documentación está parametrizada e resulta correcta dende o punto de vista do xestor. o O emprego de informes tipo para a mesma tipoloxía de baixa resulta eficiente e conforme co marco legal. En relación a notificación ao Servizo de Recadación, o propio aplicativo de xestión marca por defecto esta notificación, que debe desmarcarse polo operador. As funcionalidades do aplicativo GTT estiveron (nos exercicios analizados) baixo a supervisión e control directo da Dirección de Xestión dos Servizos do ORAL.	- Recómendase establecer a orde cronolóxica dos documentos que conforman o expediente administrativo, así como a revisión da categorización dos documentos e da súa ordenación. - Recómendase empregar o termo dilixencia para o traslado ao Servizo de Recadación. - Recómendase incorporar documentación xustificativa de aspectos relevantes para a resolución do expedientes tales como os autos de conclusión de procedemento concursal e extinción.
20053936005IU01R032745 Tramítase como remesa, Informa o suposto o suxeito pasivo correspondente á anualidade non ten asociado un NIF válido. Os recibos correspondentes a anualidades 2012 e posteriores se liquidan a una entidade con CIF asociado válido. Considerando a antigüidade do valor (2005), considérase que o motivo de baixa preferente sería prescrición.	Non corresponde a baixa de ditos valores por prescrición, en concreto: O valor 20053936005IU01R032745 figura no sistema liquidado ao contribuínte 01327783Q D. S. CARLOS. Consultado dito NIF coa Axencia tributaria o verdadeiro titular é P. De L. María. Polo tanto acredítase que dita liquidación non é, nin nunca foi, correcta. Non é posible que se alcanzase a prescrición do dereito ao cobro de algo que nunca foi exíxible ao existir un erro na atribución do NIF ou filiación.	- Recómendase, para o caso de liquidacións emitidas incorrectamente, que con posterioridade ao proceso de baixa dos valores se inicie do procedemento para a liquidación de valores non prescritos.
20163936037IU01R000601 (IBI 2016) Inclúese na mesma remesa e expediente de xestión referido en fichas anteriores e correspondente coa tramitación de baixas por disolución da persoa xurídica que figura como suxeito pasivo. Consta no expediente informe – proposta (12/07/2021), informe de Intervención (23/12/2021) e Resolución (28/12/2021). Non consta no expediente documentación acreditativa da disolución/extinción da sociedade (Adhesivos Industriales Dourdin S.A.). A ordenación dos documentos é incorrecto e a data do mesmo induce a confusión, figurando por exemplo, respecto do Informe – proposta como data fin de actuación o 27/12/2021, que entendemos que é a data de incorporación ao expediente GTT. Igualmente consta notificación ao servizo de recadación, que entendemos debe cursarse como	O expediente de baixas por remesas, de empresas extintas, pode incorporar a inclusión dun elevado número de empresas. Dado o volume, a xestión parte da asignación a lote da tipoloxía destas empresas realizado polo Servizo Xurídico, cuxa actuación e individualizada para cada expediente concursal. O auto de conclusión de cada empresa figura dentro de cada expediente individual de concurso, sendo trazable e accesible de forma sinxela. A ordenación do expediente faise, tendo en conta as limitacións do aplicativo, no apartado "tramitación" onde as actuacións están correctamente ordeadas e resulta sinxelo seguir o iter do procedemento. En relación a notificación ao Servizo de Recadación, o propio aplicativo de xestión marca por defecto a mesma, que debe desmarcarse polo operador (pois estes expedientes xeralmente non son obxecto de notificación), carecendo este erro de afectación significativa na tramitación do expediente.	- Recómendase establecer a orde cronolóxica dos documentos que conforman o expediente administrativo. - Recómendase empregar o termo dilixencia para o traslado ao Servizo de Recadación. - Recómendase incorporar documentación xustificativa de aspectos relevantes para a resolución do expedientes tales como os autos de conclusión de procedemento concursal e extinción.



traslado ou comunicación. Consta no histórico anulación dos IBI anteriores (2009, e 2011 a 2017) e posteriores expedidos á nome da mesma entidade (2018, 2019, 2020 e 2022), así como a expedición dos recibos correspondentes aos exercicios 2019 a 2023 a nome da CMVMC da parroquia de Amoedo (figurando como data da alteración xurídica o 10/05/2013, e como data de alteración física o 31/12/2017. Segundo figura no operativo dito cambio foi comunicado no padrón 2023).		
20153936037IU01R001262 20183936037IU01R001519 20173936037IU02R000427 20203936037IU01R001440 20193936037IU01R001859 20143936037IU01R002244 Recibos IBI correspondentes coa mesma entidade e exercicios 2014, 2015, 2017, 2018, 2019 e 2020. Mesmas consideracións.	Mesma explicación co caso anterior.	- Mesmas observacións que no caso anterior.
20153936039IU01R003534 O expediente consultado se corresponde co IBI 2015. No histórico figura a baixa por declaración de falido dos IBI anteriores (2013 e 2014) e posteriores (2017 e 2018). No ano 2019 e seguintes figura como cobrado ou en cobro xirándose o recibo a nome do novo titular. A data de alteración é o 31/12/2015, e a data de gravación é o 14/02/2022, xirándose ao novo titular a liquidación 2022 e os tres exercicios anteriores. A gravación da modificación ten orixe no documento remitido por catastro Doc 2021/OTROS - 13BAJA.	A información sinalada no informe enténdese errónea. Unha vez detectado o erro na liquidación, este é o motivo que fundamenta a baixa ata o momento da localización do titular correcto (singularmente os de 2017 e 2018 mencionados no informe de control financeiro). Os exercicios seguintes teñen a mesma tipoloxía de baixa. Enténdese que o expediente foi correctamente tramitado.	- Sen solicitude de aclaración no informe provisional.
20133936037IU01R001580 Informe de fiscalización con observacións de data 23/12/2021. Notable atraso na fiscalización. Segundo datos obrantes no expediente a data de alteración xurídica é o 10/05/2013, e a da gravación é o 2023. Tipo 901M - Declaración de alteración de titularidade y variación en la cota de participación en bens inmuebles (convenio) . Orixe: Padrón 2023 EN. No histórico constátase que se liquidan e se recadan ao novo titular catro anos anteriores.	Da descrición dos feitos dedúcese a conformidade co realizado. En relación ao atraso na fiscalización, corresponde informar, no seu caso, ao propio Servizo de Intervención.	- Sen solicitude de aclaración no informe provisional.
20183936042IU04R009040 20173936042IU01R007587 20203936042IU01R002568 20193936042IU01R018823 - Alta ou inicio do expediente: 15/01/2020 - Fiscalización con observacións: 23/12/2021 - Informe proposta: 27/12/2021 - Resolución estimatoria: 28/12/2021 - Notificación (envío): 3/01/2022 Liquidacións IBI correspondentes cos períodos impositivos 2017 a 2020 referidas ao mesmo ben inmueble. Non constan no expediente as observacións do informe de fiscalización. Non é posible consultar de que data é a alteración xurídica, nin a data de gravación, si ben as liquidacións ao novo titular son xiradas no ano 2023 (anualidade 2019 a 2022).	Enténdese que se trata dun erro na revisión. O informe de fiscalización cosas observacións consta no expediente. En relación a data de alteración xurídica, enténdese como un erro do aplicativo (que debe no seu caso ser consultado co Servizo de Coordinación). Sinalar, que a baixa corresponde a una sociedade disolta por medio dun proceso concursal, e liquidándose aos novos titulares a través dun ficheiro da Xerencia do Catastro.	- Recoméndase incorporar documentación xustificativa de aspectos relevantes para a resolución do expedientes. - Recoméndase trasladar o erro ao servizo competente para tramitar a incidencia coa provedora do software a fin que sexa emendado o erro.
